

## sarria

Un proxecto da Anpa Frei Luis de Granada contará con 20.000 euros. **Páx. 5**

## samos

A alcaldesa di que o antigo goberno local deixou unha gran débeda. **Páx. 10**

## paradela

O Concello organiza de novo o Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López. **Páx. 15**

## láncara

A veciñanza saíu a reivindicar que se cubra a praza do médico que se vai xubilarse. **Páx. 17**

## deportes

A vila de Sarria será unha das sedes da Liga Nacional de Snooker. **Páx. 21**

## O CIM volverá dar servizo

A moción para a recuperación foi aprobada co apoio maioritario dos concelleiros, agás o do grupo municipal de Camiña Sarria



## O CEIP de Samos está de aniversario

Falamos con diferentes profesores do colexio sobre a historia do centro educativo. **Páx. 12**

## Unha nova exploración arqueolóxica


A Cova Eirós amosa unha técnica artística non rexistrada en anteriores prospeccións. **Páx. 18**

## Napalm Fest no Buriil



Sarria acollerá unha nova edición do seu festival independente. **Páx. 3**

## María Quiroga



A samanense ten exposta unha das súas obras no Vello Cárcere de Lugo. **Páx. 10**

## Certame literario



Nova edición do concurso Manuel-Orestes Rodríguez López de Paradela. **Páx. 14**

## A Deputación insiste no tema sanitario

O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a inminente xubilación de médicos dos concellos. **Páx. 19**

**CORBAR MAQUINARIA**  
INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MEIRA**

**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**

**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**TRITURADORAS SERRAT GAMA AGRÍCOLA, FORESTAL, SUELO, CABEZALES, ESPACIOS VERDES, BIOMASA**

**CUCHILLA MAÍZ CORISTANCO**

**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA**

**www.corbarsil.com**

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com**

## SARRIA

## Activan as xestións para converter a Feculera no Espazo Sociocultural Familia José Vento



O goberno local de Sarria activou as xestións para converter a Feculera no Espazo Sociocultural Familia José Vento gracias a que o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Lugo ratificase que a adquisición por parte do Concello realizouse "acorde co ordenamento xurídico.

A previsión é "traballar en paralelo na elaboración dunha memoria que defina os aspectos técnicos da

rehabilitación arquitectónica e os novos espazos e usos e, por outra parte, "tratar de sumar esforzos entre todas as forzas políticas de Sarria para conseguir os fondos necesarios", dixeron desde o Concello, a Deputación e a Xunta de Galicia para dotar ao pobo dunha infraestrutura acorde ás necesidades actuais e futuras".

## O Centro Deportivo e de Saúde de Sarria amplía o seu horario

Debido ao aumento do número de usuarios e á crecente demanda de cursos e actividades, o Centro Deportivo e de Saúde de Sarria vén de ampliar o seu horario para abrir unha hora antes, ás 16.00 horas, de luns a venres. Así, a partir do día 2 de outubro o novo horario de apertura será de luns a venres de 7.30 a 12.30

horas e de 16.00 a 22.00 horas, mentres que os sábados será de 9.00 a 14.00 horas e de 16.30 a 21.00 horas; e os domingos de 9.00 a 14.00 horas.

O Concello de Sarria segue animando ás persoas interesadas a participar destas actividades que se ofrecen para toda a veciñanza.

## Aprobada a moción do BNG en favor da recuperación do CIM

O BNG de Sarria levou ao pleno do Concello de Sarria unha moción para que a os cidadáns da vila poidan volver a contar cun Centro de Información á Muller que dea servizo ao 100%.

"A situación que está a sufrir o centro de atención as mulleres de Sarria nos últimos meses resulta moi preocupante, xa que leva todo ese tempo sen dirección e coa recolocación física de algunha das traballadoras", explica Efrén Castro, portavoz nacionalista en Sarria.

Isto, explica, "fai que un servizo que xa estaba desbordado, xa que tiña que atender a mulleres de toda a comarca con medios moi limitados, na actualidade está pouco menos que inoperante".

O BNG xa denunciou esta situación hai tempo, pero "segue estancado e sen que se teña proposto ningunha solución para volver a dar unha servizo tan importante", sosteñen.

Ademais, denuncian que as mulleres da comarca de Sarria non poden estar desatendidas "por mor dunha discusión entre a administración local e a Xunta de Galicia", por iso presentan unha moción para esixir ao Concello que volva pór en marcha este servizo e que a Xunta de Galicia solucione a discusión e financie con máis fondos os CIMs galegos.

"Para nós, nun momento no que o empuxe do feminismo é imparabile, é inadmisíble que Sarria



careza dunha das vías de apoio para as mulleres que sofren a violencia de xénero", sentenciaron.

Esta moción foi aprobada co apoio maioritario excepto do grupo municipal de Camiña Sarria.

**PP.** O Partido Popular de Sarria denuncia que "a mala xestión por parte do goberno local que preside o señor Garrido leva ao Concello de Sarria a ter que reintegrar á Xunta unha parte da subvención en apoio ao Centro de Información á Muller (CIM) que xa lle fora en parte transferida".

Explican que o goberno local non cumpre cos requisitos mínimos previstos na normativa de aplicación para o funcionamen-

to do CIM, "polo que o Concello perde máis de 31.500 euros que lle achegaba a Xunta", sostén López. "De novo vemos como o goberno de Camiña Sarria segue perdendo subvencións", lamenta a portavoz, Carmen José López. Ademais, engade que "nesta situación é especialmente grave porque o propio Concello recoñece non dispoñer dos medios necesarios de forma permanente e completa".

Os populares consideran que "o Centro de Atención á Muller é un servizo que debe considerarse fundamental". Nese sentido, "esiximos responsabilidade por parte do goberno local; xa que o CIM, entre outras funcións, atende a mulleres vítimas de violencia de xénero, unha das lacras desta sociedade".

# PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## O Napalm Fest, que será os días 13 e 14, volve renovado

Sarria acollerá o venres 13 e o sábado 14 de outubro unha nova edición do seu festival independente Napalm Fest que reunirá a varios dos grupos máis importantes do panorama do rock, o metal e o HxC.

Dende a Asociación Cultural, Deportiva e Ecolóxica Buriil comunicaron que “estamos moi contentos de anunciar a nosa clásica cita en outono co underground”.

“Nesta ocasión, unimos forzas con outro festival da nosa localidade; o Back to Nature, evento levado a cabo polos nosos amigos, así que este ano, será Back to Napalm”, engadiron.

Así, neste nova edición contarán coas bandas Mutualistas, punk rock de Lugo; Dioivo, black metal de Vigo; Anecoid, metal de Pontevedra; Cranio, heavy metal de Ferrol; Aneuma, melodeath de Navia; Barbarian Prophecies, death metal de Lugo; Death Bringer, death metal de León; e Slamtable, slam gring de Albacete.

Como sempre o evento será solidario,



colaborando novamente co L.A. Santuario Animal, e a entrada terá un prezo de 8 euros por día en taquilla, e 10 euros para os dous días anticipada.

**MÁIS CONCERTOS.** Pola súa parte, xa o día 12, xoves, o Buriil acollerá o concerto de Kondusión Kolerika, Filophobias e Okeoh no marco da Xira 3 e punto. O primeiro traerá o punk ao Buriil, mentres que a segunda traerá o rock e, a terceira, mestura punk, rock e metal.

O día 21 terá lugar o Uguns project

no Buriil, no que actuarán diferentes artistas musicais da man de Lorenzo Infexión, o organizador deste evento no que, ademais, se incluírá o 'Arbus-to fest' na súa XVII edición, como un punto de encontro entre amigos.

O día 27 de outubro será a quenda de Phrenetix + Crowded, unha banda de trash metal que vén a Sarria desde Vilnius, Lituania, xunto cunha da Coruña.

Con respecto ao final do mes, o día 29 O Buriil acollerá a presenza de Stone from the sky, unha banda que vén desde Francia e poñerá o foco no rock psicodélico, o post rock e o post hardcore; e o mesmo día estará Could Seed, de estilo post rock, prog e post metal.

Por último os días 30 e 31 tamén haberán concertos. O 30 será a quenda da banda Red Eye, de proto rock y stoner doom, mentres que o 31 será Endless Drive quen poñerá o punto final ás actuacións de outubro co seu álbum 'A Brief History of a Kind Human'.

## Eu merco en Sarria, e ti? é a nova campaña de promoción do comercio

A Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos de Sarria (ACES)- CCU vén de poñer en marcha unha nova campaña para incentivar o comercio local e premiar a fidelidade dos nosos clientes.

En colaboración coa Xunta de Galicia, ¡Eu merco en Sarria, e ti?! desenvolverase ata o vindeiro 15 de outubro e a súa finalidade é que todos aqueles que realicen compras por importe igual ou superior a 25 euros nos establecementos asociados consigan un regalo promocional, unha bolsa de tela, tipo “tote” serigrafiada e exclusiva da campaña.

Ademais, poderase escoller entre dúas bolsas con distinta seri-



grafía que terán que recoller nas oficinas do CCU de Sarria – ACES pero cun máximo de tres bolsas por persoa. En total entregaranse unhas 600 bolsas e ata esgotar as existencias.

## O PP esixe “información clara” sobre a situación económica do matadoiro

O PP de Sarria esixe ao goberno local que preside o señor Garrido “información clara sobre a situación e as perspectivas económicas do matadoiro municipal”.

Os populares queren saber “se son certos ou non os datos que ten manifestado o alcalde ante os medios de comunicación”. Para iso, a voceira do Grupo Municipal Popular, Carmen José López, vén de solicitar formalmente a convocatoria dunha reunión urxente na que participen

os portavoces dos distintos grupos políticos e que conte coa presenza de persoal de tesourería e de intervención.

A popular condena a “falta de transparencia e o ocultismo do alcalde” e considera “indispensable que o goberno local poña luz a este asunto que ten xerado importante alarma social, unha vez que o propio alcalde xerou certas dúbidas sobre a posibilidade de que falte diñeiro correspondente ao matadoiro pendente de

ingreso nas arcas municipais”. De ser certo, “queremos saber de que cantidade se trataría”, indica López. “É sorprendente que o propio alcalde descoñeza a situación do matadoiro durante o seu último mandato, como el mesmo recoñece ao anunciar que pediu un informe sobre a situación dos últimos catro anos”. Carmen José López cre que “dada a gravidade das informacións, consideramos urxente a convocatoria da reunión”.

## Unha actuación teatral aviva a necesidade dun auditorio

O grupo Rebuldeira Teatro representou a súa obra *Cita previa* na Casa da Cultura de Sarria, un evento que xuntou a decenas de persoas que quixeron desfrutar da iniciativa. Tantas que ata moitas tiveron que marchar por falta de espazo.

Por esta razón, desde o grupo teatral quixeron pedir desculpas aos asistentes que finalmente non puideron desfrutar da obra debido “ao escaso aforo do local”, que é unha parte da Casa Consistorial e anunciaron que poderán velos de novo o vindeiro 19 de novembro. Estas circunstancias, nas que a

Casa da Cultura non é capaz de acoller a todas as persoas que teñen a intención de desfrutar de iniciativas sociais na súa vila, aviva de novo o debate de se é necesario un auditorio, unha petición que levan facendo os veciños durante anos, xa que consideran que están “orfos” dun espazo cultural propio e cren que é necesario e bo para Sarria un lugar como ese.

Por outra banda, a portavoz do Partido Popular en Sarria xa remarcara a necesidade dun auditorio o pasado mes de maio, ao que o goberno local, antes das eleccións, prometeu.



**Audio Sarria**  
CENTROS AUDITIVOS  
Nº de Registro Sanitario: E-27000398



**signia**

**AUDÍFONOS SIEMENS**  
A MEDIDA Y RECARGABLES



**StreamLine TV**  
TRANSMITE EL AUDIO DEL TELEVISOR A SUS AUDÍFONOS



**¡LLÉVELO GRATIS CON LA COMPRA DE SUS AUDÍFONOS!**

C/ Matías López, 63-bajo
27600 - SARRIA (Lugo)
Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976
audiosarria@gmail.com

# “O que nos diferencia é a calidade absoluta dos nosos produtos”

Luis López e María José Vázquez son xerentes da Cantina Pulpería Luis

## Como nace Pulpería Luis?

Primeiro, abrimos unha cafetería no ano 2001 e, como Luis xa traballaba de antes no sector do polbo indo a diferentes feiras cos seus pais, decidimos compaxinar as dúas actividades a partir do 2004, cando abrimos un pequeno local ao lado, onde faciamos polbo os fins de semana e festivos. Xa no 2010 decidimos deixar a cafetería e seguimos no sector do polbo, pero de forma profesional porque había moita demanda e mercado e moi pouca oferta en Sarria e arredores. Quixemos montar un local grande e dedicarnos a iso, polo que pasamos ao antigo bar e así quedou, co nome A Cantina Pulpería Luis. Desde aí ata o de agora foi todo en aumento, polo que o cambio foi para ben. Fomos moi ben aceptamos e fomos crecendo pouco a pouco.

## Había necesidade deste tipo de establecemento en Sarria?

Si, pois non había en Sarria vila, pero tampouco na comarca, un local

especializado en polbo. Luis participaba nas feiras e quería seguir no mundo do polbo, pero queríamos montar o noso propio negocio. Por iso, collemos un local familiar que tiñamos e montamos a nosa cafetería e pub e comezamos no sector da hostalería en Sarria, que é de onde somos, polo que tiña sentido montalo aquí. Agora somos máis grandes e temos un lugar estable onde traballar, xa que as polbeiras que van ás feiras móntanse alí de forma ambulante. Nós facemos eventos e temos servizo de recollida de polbo, pero estamos estables nun sitio.

## Que tipo de produtos ofrecen?

Nós non temos moita variedade de produtos, porque para nós o máis importante é a calidade do produto. Por iso, ofrecemos o prato estrela, o polbo, e tamén carne ao caldeiro, filete de tenreira á prancha e empanada de atún. De sobremesa, o mellor que temos é o queixo con marmelo, que o facemos caseiro e cunha elaboración totalmente tradicional. O

que nos diferencia doutros establecementos é a calidade absoluta do produto, xa que o polbo o elaboramos sempre á vista. Temos a cociña exposta, diante dos clientes, para que vexan como é o polbo, como o cortamos e como o preparamos. E a ración custa 11 euros, por debaixo dos prezos que se ven noutros locais.

## Como é o traballo?

Nós traballamos só ao mediodía. Abrimos de 11.00 ás 16.00 horas, tempo durante o cal adoitan encherse os comedores, que temos dous con capacidade para 100 persoas, e un engadido na terraza, que abrimos só durante os meses de verán. Ademais de traballar Luis e máis eu, tamén traballan con nós dúas rapazas e, a maiores, contamos con traballadores extras que nos axudan durante as épocas de máis afluencia. Non nos dedicamos aos eventos, pero ás veces Luis fai un pequeno aperitivo para algunha voda e tamén acollemos comidas de empresa ou de grupos de 20 persoas.



## Como é o trato cos clientes?

O trato cos clientes é moi bo. Temos clientes desde que abrimos en 2010 que veñen unha vez ao ano a Sarria só para comer o polbo. Falamos de persoas de Madrid, Barcelona ou o País Vasco, que teñen as súas orixes aquí e cando veñen a Sarria, pasan polo noso local. Tamén veñen persoas que non teñen as súas orixes aquí, pero son de Ponferrada e Asturias e veñen unha vez ao ano. Por tanto, poderíamos dicir que temos unha clientela moi fidelizada, aínda que tamén veñen persoas que nunca estiveran antes e incluso persoas que pensan que somos un restaurante normal. Pero as persoas que saben a onde veñen e entenden

o que é unha polbeira tradicional, quedan moi contentas co trato e coa calidade. A xente que vén a comer polbo, queda satisfeita.

## En que lugar se atopan?

Atopámonos na rúa principal de Sarria, a Liberdade, ao lado do paseo do Malecón, cun aparcadoiro xusto enfrente. Ao estar nunha rúa tan céntrica, temos unha localización privilexiada que nos permite ser visibles para todas as persoas que queiran vir ao noso local. O aspecto do noso local é unha mestura entre o tradicional e o moderno, xa que contamos con decoración dunha polbeira típica, cos seus bancos e mesas corridos como nas feiras; pero tamén é un estilo moi moderno, con grandes cristaleiras que dan á rúa.

## Inaugurada a nova sede de Cáritas

A nova sede de Cáritas en Sarria foi inaugurada nun acto no que participou o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias. Alí, Arias destacou o papel “imprescindible” que xoga esta entidade na loita contra a pobreza e a exclusión social. Ás novas dependencias trasladáronse aos servizos que Cáritas ofrece no municipio de Sarria: acollida, orientación laboral, asesoría xurídica e aulas para impartir cursos de formación. Arias afirmou que o

Goberno galego seguirá traballando “para garantir a atención a persoas en situación vulnerable” e subliñou o incremento no orzamento dedicado a inclusión, que este ano subiu nun 25% ata chegar aos 150 millóns de euros.

“De xeito especial a Xunta reforza a alianza coas entidades sociais”, dixo, con medidas como unha orde de axudas dotada este ano con 19,7 millóns de euros para financiar os programas, centros de acollida, comedores sociais e demais servizos

que poñen a disposición dos colectivos máis desfavorecidos.

Ademais, fixo fincapé “a colaboración continuada” da Administración para desenvolver as súas iniciativas en favor da infancia, das familias e das persoas con menos recursos. Así, o ano pasado Cáritas Lugo obtivo 702.500 euros das axudas da Consellería de Política Social e Xuventude con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF para executar en 2023. Da contía total, 376.500 son para destinar á área de inclusión.

## Os maiores de 55 anos xa poden matricularse na UNED

A Universidade a Distancia, UNED, acaba de abrir o prazo de matrícula para as persoas que de máis de 55 anos, con independencia da formación académica que posúan, no curso 2023-2024. Así, as persoas que queiran matricularse dalgún curso, grao ou máster, poderán facelo ata o vindeiro 27 de outubro para poder participar das clases ata

febreiro de 2024. Nos primeiros catro meses impartiranse cursos de Inglés para viaxar e de Introducción á literatura galega.

O número de prazas dispoñibles é de 20 persoas e a matrícula poderase formalizar presencialmente na Biblioteca Pública Municipal da Casa da Cultura de Sarria ou a través de internet.

• Embutido artesano sin aditivos químicos ni alérgenos.  
• Curación natural con leña de roble (Chorizo, salchichón, lomo, botelo, caohola, panceta, espinazo, lacón, uñas, rabo).  
• Servizo de envíos a domicilio a toda España.  
• Venta en las propias instalaciónes.

Cancelo 17 • Tlf: 638 657 415

La abuela Delfina embutidos Triacastela

Puntos de Distribución: Azafrán Delicatessen • Diego Pazos 27 Sarria • Tlf: 982 530 365  
Vilases • Colva Sotelo 164 Sarria • Tlf: 679 293 763

CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeon de España absoluto  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de TAEKWONDO SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985



**MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES**  
**Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena**  
**José Luis MATANZA** 657 982 987  
 SARRIA (LUGO)

## Instan ao Concello á desafectación das vivendas dos mestres

Os populares de Sarria urxen a realizar os trámites oportunos para dar solución definitiva á insalubridade e inseguridade das vivendas dos mestres situadas nos terreos do CEIP Frei Luis de Granada despois de coñecer que o Concello de Sarria recibiu un segundo requerimento para achegar documentación á Xunta e acadar a desafectación das vivendas e a súa titularidade.

Así o dixo a voceira do PP de Sarria, Carmen José López, quen condena “a falta de vontade” do goberno local para lograr a desafectación des-

tes terreos, que permitirían cambiar o uso desas instalacións abandonadas e dotar de seguridade a zona.

“Ao non entregar a documentación necesaria, o goberno local asegúrase que non se desafecten. Está a entorpecer un trámite que permitiría avanzar nunha solución e evitar problemas á comunidade educativa e aos veciños que pasen pola contorna”, explica a popular.

O grupo municipal do PP presentou en marzo unha moción pola vía de urxencia para tomar medidas de forma urxente para garantir a segu-

ridade na zona e impedir o acceso de persoas ao interior das vivendas, pero tamén para ofrecer unha solución definitiva que, ademais, responde a unha proposta dos veciños.

Carmen José López asegura que “é imprescindible conseguir a desafectación das antigas vivendas dos mestres para poder dedicalas a outros usos. Só dese xeito poderían ser transferidas ao Concello para, posteriormente, proceder ao seu derribo ordenado para construír, no espazo que ocupan na actualidade, un parque público municipal cuberto”.

## Un proxecto da Anpa Frei Luis de Granada contará con 20.000 euros

A Anpa do colexio Frei Luis de Granada vén de conseguir que lle concedan unha subvención de 20.000 euros para a realización do proxecto ‘Convivindo na igualdade’ grazas ao plan de Axudas en desenvolvemento do plan corresponsables 2023.

Desde a Anpa defenden que, “como representantes dos pais e nais do noso centro educativo, cremos que a educación é a ferramenta fundamental para alcanzar a igualdade, unha meta moi necesaria, pero sen obviar no seu alcance a implicación de todos os axentes sociais necesarios para iso”. Así, explican que a partir desas dúas premisas, a educación e a implicación social, “desenvolveremos este proxecto ‘Convivindo na igualdade’.

**PROXECTO.** En canto ao enfoque



educativo, comentan, “basearemos o desenvolvemento do proxecto nos principios pedagóxicos que a LOMLOE redacta para cada ciclo, logrando dese modo alcanzar obxectivos e competencias desenvolvidas no currículo cunha metodoloxía adaptada ao mesmo”.

En canto ao enfoque social, buscou-

se a participación de todas as institucións e asociacións que a diario inciden na vida, e estes aceptaron colaborar no proxecto. “Desde a nosa perspectiva como nais, pais e especialistas en distintos ámbitos laborais, consideramos que un tema tan importante non debe ser enfocado só aos pequenos, senón amplialo ao contexto que os rodea.

**COLABORACIÓN.** Así, din que agradecemos a colaboración da comunidade educativa “que cada día está mais consolidada e a cal demostrou que é capaz de superar calquera fochanca, da cal formamos parte”. Tamén agradeceron a todas as institucións, centros educativos e asociacións que en agosto, cando contactaron con elas “creron en nós sen dubidalo”.

## O BNG propón os pasos de peóns elevados para reducir os atropelos



O BNG de Sarria votou a favor da moción presentada polo Partido Popular con respecto á eliminación das barreiras arquitectónicas de Sarria, pero sosteñen que “hai que ir máis alá” e promover un urbanismo moderno como o que teñen outras vilas. Así, o portavoz nacionalista, Efrén Castro, explica que mediante os pasos de peóns elevados poderíanse paliar dúas problemáticas que se producen diariamente en Sarria: os atropelos e as barreiras arquitectónicas.

Por unha parte, di que mediante os pasos de peóns elevados redúcese a velocidade á que circulan os vehículos e, polo tanto, diminúen tamén os atropelos. Pola outra, eses pasos elevados estarán á mesma altura que as beirarrúas, polo que tamén facilitan o acceso para persoas con diversidade funcional.

“Hai que ser ambiciosos e desenvolver un plan de urbanismo que vaia cara a modernidade que xa funciona noutras cidades e vilas”, sostivo Castro.

## Camiña Sarria pídelle á Xunta a restauración da Ponte Vella

O grupo municipal Camiña Sarria vén de pedirlle á Xunta de Galicia a restauración da Ponte Vella, que foi construído no século XVIII sobre outra do XII, pois dende o pasado mes de febreiro cedeu unha varanda de protección o que fixo que un viandante caese ao río.

O Goberno local pide que se re-

force a cimentación, que se coloque unha nova varanda, que se fagan labores de limpeza, e que se mellore o alumeadado.

Tamén piden, que unha vez executadas todas estas melloras, a titularidade transfírase ao Concello de Sarria para que así todas as pontes que ten o municipio sexan municipais.



**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
 27600 Sarria (LUGO)  
 626 21 86 28

**ESO**

**INFANTIL PRIMARIA**



**GESTEGA**

**OFICINA TÉCNICA AGROFORESTAL**

GESTIÓN CINEGÉTICA - PROYECTOS AGRÍCOLAS  
 PROYECTOS FORESTALES - TOPOGRAFÍA  
 GESTIÓN CATASTRAL - REPOBLACIONES FORESTALES  
 ORDENACIÓN DE MONTES

Avenida Calvo Sotelo, 126 Entlo. B - 27600 Sarria (Lugo)  
 Tel. / Fax: 982 886 487 - Móvil: 607 192 475

## O Partido Popular esixe que se recuperen os obradoiros para as persoas con alzhéimer

O PP de Sarria esixe ao goberno local a recuperación dos obradoiros de estimulación cognitiva ás persoas afectadas polo alzhéimer ou outras enfermidades afíns. A voceira, Carmen José López, condena que o goberno local "non amose a sensibilidade suficiente cara as persoas afectadas por esta enfermidade e os seus familiares e cuidadores" porque "estamos a falar dun servizo de gran valor tanto para os usuarios como para as familias, ao tratarse dun recurso que permitía un descanso na súa condición de cuidadores durante o horario da actividade".

A través dun convenio de colaboración entre o Concello e a Cruz Vermella, era esta última a que ofrecía dende o ano 2001 e ata o estado de alarma decretado pola pandemia actividades de psicomotricida-

de ou terapia manual. Pero o Concello ten pendente de pago preto de 90.000 euros á Cruz Vermella correspondentes a tres anualidades; unha situación que condiciona a viabilidade económica e limita a capacidade da entidade para continuar prestando servizos de interese para o noso municipio".

O PP lograra aprobar no pleno (cos votos a favor de todos os grupos, excepto o de Camiña Sarria) unha proposta para adoptar as medidas administrativas oportunas para proceder ao pago das liquidacións pendentes á Cruz Vermella, co fin de posibilitar que a entidade continúe coas accións e servizos recollidos no convenio. Nese sentido, López lamenta que "esta sexa outra proposta máis das aprobadas polo pleno que o goberno local deixa nun caixón".

## O novo polo de emprendemento será o quinto na provincia de Lugo

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, comunicou durante a inauguración en Friol o Polo de emprendemento e apoio ao emprego Lugo Comarca, que Sarria contará con un nos vindeiros meses e que con este será o quinto polo na provincia.

Rivo asegurou o firme compromiso da Xunta coa consolidación e implantación empresarial nesta provincia de oportunidades. "Desde Sarria traballaremos tamén para dotar ás persoas que queren iniciar un negocio ou transformalo de todas as ferramentas e o asesoramento experto para que o leven a bo fin", dixo. "Cremos no potencial emprendedor do interior de Lugo, que conta con enorme riqueza gastronómica, pero tamén cultural, turística e paisaxística", indicou Rivo, que subliñou como puntos fortes deste territorio que estea atravesado polos camiños de Santiago, forme parte da Reserva da



Biosfera Terras do Miño e conte con rico patrimonio cultural e gastronómico, entre outros potenciais.

Desde que iniciaron a súa actividade hai un ano, os polos de Lugo deron asesoramento e axuda para levar a cabo proxectos de emprendemento de 123 persoas, coas que se realizaron máis de 300 sesións de traballo.

Entre as actividades máis representadas nos proxectos de emprendemento, atópanse a hostalería (26% do total), o comercio (10%), servizos (10%) e as actividades recreativas, de entretemento e artísticas (9%). As persoas emprendedoras que recibiron apoio nos polos da provincia teñen no 54% dos casos entre os 35 e os 52 anos, e o 61% son mulleres.

## O IES Xograr participará no Ciclo de Cine e Mulleres Rurais

O IES Xograr foi seleccionado para participar na Sección educativa do Ciclo Nacional de Cine e Mulleres Rurais impulsado desde o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

A Sección Educativa puxo en marcha este primeiro ano unha fase piloto na que participarán 12 centros educativos públicos de distintas comunidades autónomas, que foron seleccionados polo Ministerio de Educación e o IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria será un deles.

Esta actividade desenvolverase durante outubro e novembro de 2023,

coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller Rural e a Sección Educativa ofrecerá a posibilidade de que os centros públicos situados no rural poidan mostrar ao seu alumnado de xeito gratuito dous títulos seleccionados polo seu interese cultural e pedagóxico: 'Auga', de Elena López Riera, e 'Viaxe ao corazón dunha nai', de Celia Rico.

O profesorado participante tamén recibirá guías didácticas elaboradas expresamente para a ocasión con suxestións de actividades educativas.

## A II Mostra Iván Tourón Morais segue na Casa da Cultura de Sarria

A Casa da Cultura está a acoller ata o día 15 de outubro un total de dez espectáculos teatrais -cinco para público infantil e cinco para público adulto- dentro da programación da II Mostra de Teatro Iván Tourón Morais.

Este ciclo, impulsado pola Concellaría de Acción Cultural de Sarria e a compañía Rebuldeira Teatro, conta coa colaboración da Xunta de Galicia, a través da Rede de Bibliotecas Públicas Ler conta moito, e da Vicepresidencia da Depu-

tación de Lugo.

A programación infantil que xa arrancou seguirá o día 13 de outubro ás 17.30 horas, con Marta Ortiz e a obra *Tralará. Contos, obxectos e música*.

En canto á programación teatral para o público adulto, o 8 de outubro ás 20.00 horas poderase desfrutar da obra *Asasinato na tenda de roupa*, a cargo do Grupo de Teatro do Hospital de Lugo, e o día 15 de outubro ás 20.00 horas, con *Vaia lío*, a cargo da compañía

Charamela.

Coa finalidade de incentivar a asistencia ás diferentes funcións, o concelleiro de Acción Cultural, César No, anunciou que distribuiranse entre os asistentes tarxetas de fidelización para que aquelas persoas que acudan polo menos a catro das funcións programadas tanto no ciclo adulto como no infantil poidan entrar no sorteo dun lote de libros ou de tres meses de suscripción gratuíta ao Centro Deportivo e Saúde Sarria.



**ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS**

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com

**XENERA**  
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

o principal comercializador de enerxía 100% verde. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**



**DESEÑOS A MEDIDA**

**DAMOS FORMA A ESE PROXECTO ESPECIAL**

*Muebles Celeiro*

**MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO**  
Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo  
Tel.: 982 532 451 - 625 662 962  
www.mueblesceleiro.com / mueblesceleiro@gmail.com



**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering\_meson\_a\_pontenova  
 Meson pontenova

**RIO LOYO**  
Restaurante



982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA  
(Lugo)

**A Pulperia Do Luis**

**Mesón Castro**

Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



**HOTEL A VEIGA**

Calle Compostela 61  
Samos - Lugo  
Reservas: 982 546 052  
[www.hotelaveiga.es](http://www.hotelaveiga.es)

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063



**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - [info@fervenza.com](mailto:info@fervenza.com)  
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones



**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros  
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL.: 639 010 696

## A residencia de maiores volveu ser o centro do Pleno

O goberno de Sarria aprobou unha modificación da ordenanza que regula os prezos públicos atribuídos á residencia de maiores Nosa Señora do Carme de Sarria grazas aos votos a favor de Camiña Sarria e do BNG, a abstención do PP, pero cos votos en contra do PSOE.

Así, as novas taxas aprobadas serán de 1.460 euros para persoas dependentes e de 1.125 euros para as que non o son e este diñeiro pagarase en función da renda e o patrimonio da persoa usuaria do servizo.

Desta maneira, o Goberno local asumirá a parte restante, o que denominan como “xustiza social” que garante que unha persoa sen recursos poida dispoñer destas instalacións, ao igual que unha persoa que si pode pagalo.

Os populares decidiron absterse debido a que consideran que as instalacións non teñen unha calidade mínima e o PSOE votou en contra polo mesmo motivo, porque cre que as taxas son elevadas para as condicións nas que se atopa a residencia.

## O PP pide a reparación do parque de Peruscallo e o asfaltado da pista A Costiña

O Partido Popular reivindica a reparación do parque de Peruscallo e o asfaltado da pista coñecida como A Costiña, na parroquia de Belante, lamentando que “este parque fose paulatinamente desmantelado ata o punto de que a día de hoxe non é nin sequera identificable como parque, senón un espazo descoidado no que unicamente se aprecian os restos do peche e dalgún elemento do pasado”, defendeu a voceira popular, Carmen López.

A recuperación deste parque, segundo os populares, constituiría unha mellora importante para a parroquia, supoñendo un desembolso perfectamente asumible para as arcas municipais: “os veciños solicitan a colocación dun peche como o que tiña no seu día, un randeira para os máis pequenos e algún mecanismo de exercicio ao aire libre que poida ser empregado pola poboación



adulto. Isto permitiría crear un espazo dun carácter interxeneracional dando resposta ás necesidades da poboación de distintos rangos de idade, sostén a voceira.

Os populares tamén reclaman o asfaltado da pista que vai dende Belante ata o monte onde se atopa a capela de San Marco, que coincide co remate da pista que procede de Ortoá.

## O sarriao Adrián No foi premiado pola Cátedra Fundación Areces

O graduado en ADE na Facultade de Administración e Dirección de Empresas do Campus Terra da USC Adrián No Pérez vén de ser galardoado co premio da Cátedra Fundación Areces da Universidade de Oviedo ao mellor TFG nas materias de Distribución Comercial e Retail, polo traballo ‘Factores que inflúen na experiencia de compra en liña de produtos alimentarios’, desenvolvido baixo a tutoría do profesor Fernando Losada, da área de Organización de Empresas e Comercialización.

O traballo fin de grao presentado por este titulado sarriao e distinguido polo cátedra ovetense afonda no coñecemento sobre as motivacións de compra de alimentos en liña, un sector atrasado ata o de agora no que a compras online se refire. Neste estudo, que se encadra na liña de investigación sobre marketing dixital no sector alimentario, que capitaliza boa parte do labor científico que desenvolve o persoal investigador integrado na Área de Comercialización e Investigación de Mercados do Campus de Lugo, o autor emprega a análise dos comentarios realizados polos consumidores en plataformas en liña para extraer os factores que inflúen na experiencia do cliente.

Os resultados acadados por Adrián No Pérez, que este curso ampliará a súa formación na sede universitaria luguesa co mestrado en Dirección de Empresas, avalan os resultados de investigacións previas e indican que os consumidores en liña manifestan un elevado interese pola entrega do produto, sen-



do especialmente destacable a flexibilidade do envío, como se realiza ou a tardanza do tempo de entrega.

Neste senso, sinala No Pérez, os consumidores perciben positivamente que os gastos de envío sexan gratuítos e que non exista ningún outro tipo de custe adicional. Asemade, no TFG galardoado pola Cátedra Fundación Areces de Distribución Comercial da Universidade de Oviedo tamén se demostra que a experiencia está influenciada pola calidade do servizo e, concretamente pola facilidade de uso da páxina web. Daquela, engade ou autor, os consumidores valoran a experiencia de usuario do proceso de compra, o grao de personalización do proceso, e que exista unha atención ao cliente rápida e eficiente.

A investigación desenvolvida por Adrián No releva tamén que o comprador de alimentos en liña responde a un perfil de

persoas preocupadas por adquirir alimentos nunhas condicións óptimas para unha alimentación variada e saudable. Son consumidores que teñen un interese especial por produtos alimentarios ecolóxicos, de produción artesanal e local; premian a variedade, a calidade e a procedencia, en detrimento do prezo ou da existencia de promoción e ofertas.

Ademais, de xeito máis específico, as características do produto seguen a ser moi valoradas á hora de realizar compras en liña. Daquela, a presentación, a calidade e o sabor son dos aspectos máis importantes para tomar a decisión de compra. Asemade, este perfil de consumidor tamén lle dá moita importancia á conservación dos alimentos durante o proceso de entrega dos mesmos, e non ven un impedimento para mercar en liña o feito de que non existan a posibilidade de devolución.

**ARQUITECTO TÉCNICO**

**OTA**

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS  
arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA  
COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD  
CERTIFICACIONES / INFORMES  
TRABAJOS TOPOGRÁFICOS  
ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN  
URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

**albisar**  
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA  
COLOCACIÓN DE PIEDRA  
ESTRUCTURAS DE NAVES  
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES  
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698



## COMARCA

# O PSOE pide o reforzo do servizo de bus Lugo-Monforte

O Grupo Provincial Socialista denunciou os problemas que están a ter os usuarios e usuarias da liña de autobús que cubre o traxecto entre Lugo e Monforte de Lemos, saturado desde que comezou o curso escolar. Demandan á Xunta de Galicia que reforce o servizo, porque o autobús que sae ás 7.00 horas da cidade do Cabe chega á Pobra de San Xiao xa sen prazas e con 8 paradas aínda por diante para chegar á capital da provincia. Dáse a circunstancia de que moitas das persoas que empregan este servizo son estudantes que non teñen opción de cursar o bacharelato no seu municipio. Nun vídeo que circula nas redes sociais, gravado no interior do bus que cubre a ruta Lugo-Monforte ao seu paso pola Pobra de San Xiao, pode verse a varias persoas de pé, ocupando o corredor ante a falta de prazas. Esta liña é moi empregada por rapaces e rapazas de Láncara, O Páramo, Sarria ou o Corgo para ir a cursar os seus estudos de bacharelato ou FP á capital da provincia ante a falta de alternativas nos seus municipios. Operado por Monbús, este autobús chega ás 7.48 horas á Pobra de San Xiao xa sen prazas para recoller ás persoas usuarias, a maioría estudantes, que se atopan na parada. Advirten os socialistas que “chegaron a quedar nesta parada ata 10 estudantes nas últimas semanas” tal e como lles contan as familias e que moitos teñen que coller o seguinte



autobús, ás 9.00 horas, e chegar tarde as súas clases.

Neste senso, o Concello de Láncara levará a Pleno unha proposta de Alcaldía para instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a que oferte máis viaxes neste traxecto, denunciando que as liñas de autobuses aos distintos municipios do rural son cada vez máis escasas, “o que obriga a moitos a desprazarse en vehículos particulares e mesmo a quedarse en terra”.

Os socialistas elevaron tamén ao Parlamento autonómico a súa demanda para que a Xunta reforce, polo menos, a liña das 7:00 horas entre Lugo e Monforte de Lemos, que é a que xera máis problemas.

Denuncian que o caso da Pobra de San Xiao non é unha novidade e que “dende o principio desta lexislatura levamos trasladando ao Parlamento as queixas, ao longo de todo o territorio ga-

lego, de usuarios e usuarias, así como de colectivos e concellos no relativo ao funcionamento do servizo público de transporte por estrada competencia da Xunta de Galicia”. Enumeran desde o PSdeG problemas ocasionados polos retrasos, reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falta de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras incumpridos ou faltas de puntualidade.

“Cada vez que interpelamos ao Goberno galego sobre o mal funcionamento do transporte interurbano da súa competencia sempre recibimos a mesma contestación, que se trata de problemas puntuais”, lamentan os socialistas, que aseguran que “a realidade é moi teimuda e desminte estas afirmacións da Xunta de Galicia” e apuntan do PSdeG a “problemas estruturais” que afectan ao servizo.

# O 22 celébrase unha nova edición do Día do Veciño

A Federación de Asociacións de Veciños celebrará o vindeiro domingo 22 de outubro, a 21 edición do Día do Veciño no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Ao longo da xornada haberá o anual partido de fútbol e a inauguración de dúas exposicións, ademais dunha actuación musical e a actuación da Escola de Baile Ritmo Lugo. Tras o xantar de confraternidade, terá lugar a entrega dos premios V de Veciño, cos que se recoñece o labor dos lucenses na dinamización e promoción da súa comarca e provincia e máis actuacións musicais e de baile como remate da festividade.

Desde a federación veciñal animan ás mais de 300 asociacións da pro-



vincia adscritas a esta organización que comuniquen a súa participación e así chegar ao mesmo número de asistentes do ano pasado, que rondou as 5.000 persoas.

# Emerxencia cinexética para controlar a poboación de xabaril

A Xunta declarou a emerxencia cinexética temporal pola presenza e os danos ocasionados polo xabaril nun total de 37 comarcas galegas. Na provincia a emerxencia foi declarada nos Ancares, Chantada, Lugo, A Mariña Central, A Mariña Occidental, Sarria, Terra Chá, Terras de Lemos e A Mariña Oriental.

En concreto, durante a vixencia da declaración nestas comarcas permítese abater ou capturar, sen límite de exemplares, xabaris de ambos sexos, prioritariamente femias adultas e subadultas de calquera idade.

Así mesmo, nas zonas en situación de emerxencia cinexética temporal

será posible abater crías e femias seguidas de crías sempre e cando haxa unha autorización especial previa por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de acordo co establecido na Lei de caza de Galicia.

Ademais, habílanse nestas zonas unha serie de ferramentas cinexéticas que contribúan ao control das poboacións do xabaril, como a ampliación dos períodos nos que se pode exercer a actividade cinexética. A vixencia destas resolucións estenderase ata o 25 de febreiro do vindeiro ano, abrangendo así o período hábil de caza do xabaril na tempada 2023-2024.

TE ESPERAMOS  
EN TU TIENDA  
OFICIAL  
MASlife:

Rúa da  
Liberdade, 133.  
Sarria.

622 82 62 88



TU ANTIGUA  
TIENDA YOIGO

AHORA  
TE OFRECE  
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

## O Vello Cárcere de Lugo acolle unha mostra de arte mineral da samanense María Quiroga

A samanense María Quiroga ten exposta unha das súas obras na segunda planta do Vello Cárcere de Lugo ata o vindeiro 31 de outubro baixo o nome de 'Xogos xeométricos', unha mostra de 15 cadros elaborados en arte mineral, técnica artística que aprendeu do artista samanense Antonio Bello López.

A exposición, que se poderá visitar gratuitamente polas mañás, de 11.00 a 14.00 horas e polas tardes dos domingos, luns, martes e mércores de 17.00 a 20.30 horas e os

xoves, venres e sábado ata as 22.30 horas; fíxose no propio taller da artista en Samos.

Quiroga defende que, "ao mesmo tempo que descubrín o arte mineral, descubrín tamén a gran importancia da xeometría como unha linguaxe universal presente en todas as artes, música, arquitectura... así como en todos os saberes, filosofía, alquimia, enxeñería; e en todas as culturas ao redor do mundo. A xeometría máis sinxela ou máis complexa está presente", sostén.

## Estudan a posibilidade de amañar as deficiencias do pavillón do CEIP de Samos



Durante estes días, a alcaldesa de Samos, Chus López, acompañada de concelleiros, docentes do CEIP de Samos e membros do equipo de fútbol, visitaron o pavillón do colexio.

Nestas visitas, nas que tamén colaboraron arquitectos, estu-

daron a posibilidade de amañar as deficiencias do pavillón do colexio, así como escoitar e recoller as necesidades e melloras que se poidan levar a cabo.

O pavillón do CEIP Samos leva en pé case 40 anos desde a inauguración do centro en 1983.

## A alcaldesa di que o antigo goberno local deixou unha gran débeda

A alcaldesa de Samos, María Jesús López, vén de poñer de manifesto que o ex alcalde de Samos, Julio Gallego, deixou pagos pendentes por valor de 874.785,54 euros tras 16 anos na alcaldía.

Esta afirmación vén da necesidade de demostrar, por parte do actual goberno local, que as verbas que sostén Gallego arredor do municipio, presumindo de deixar un millón de euros de remanente nas arcas municipais, pero "non conta que eses cartos estaban comprometidos para pagar contratos e obras iniciadas durante o seu mandato", explica a rexedora. "Esa é a realidade coa se atopou o actual goberno municipal tras tomar posesión o pasado 17 de xuño".

Así, defende que cando tivo acceso ás contas, o saldo era de



851.320 euros, pero entre os pagos aos que o Concello ten que facer fronte nos vindeiros días e que estaban comprometidos desde a etapa de Gallego, a obra da praza da Horta da Botica, por 147.546,88 euros, e o ingreso ao IDAE polo contrato de alumeado público pola cantidade de

727.238,66 euros, en total ten que pagar 874.785,54 euros.

En contraposición, o actual goberno de Samos "aposta pola transparencia e quere que os veciños coñezan o verdadeiro estado das contas municipais e non o fume que venden o ex-alcalde e o Partido Popular", referíndose ao voceiro popular e fillo do ex alcalde.

## O PP quéixase pola instalación dunha máquina expendedora

O voceiro do PP, Miguel Gallego, denuncia a colocación dunha máquina expendedora de bebidas "azucradas, estimulantes e incluso cervexas, aínda que sexan 0,0 % de alcol, no pavillón de deportes que usan os nenos e nenas do colexio". Así, acusa á alcaldesa de saltarse a lei unha vez máis, xa que "prohibe poñer este tipo de bebidas ao alcance de menores de 16 anos e non ten en conta para nada a protección e o fomento de hábitos saudables dos menores".

Ademais, os populares lamentan que "a pesar de fachendear de actitude dialogante; o bipartito non escoite o desacordo de moitos pais e nais coa instalación desta expendedora ao considerar que fomenta o consumo destas bebidas e o gasto monetario nos máis pequenos". De feito, segundo as súas familias, os nenos e nenas "piden cartos na casa para meter na máquina".

O Grupo Municipal do PP pedirá o expediente de instalación desta máquina.

## Clases de gaita, percusión ou baile

A veciñanza de Samos conta con novas actividades que consistirán en clases de gaita, percusión e de baile tradicional e as persoas interesadas en inscribirse poderán facelo ata o vindeiro 12 de outubro. Así, as clases de gaita e percusión serán os sábados pola tarde. No caso das clases de gaita, terán lugar de 19.00 horas a 20.00 horas; mentres que as de percusión serán de 20.00 a 21.00 horas. Pola súa parte, a aula de baile tradicional ofrecerá clases de baile os martes de 19.15 a 20.15 horas en Samos e o prazo de inscrición será tamén ata o 12 de outubro.

**ALBORADA**  
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H  
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59  
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

**SONDEOS CORDERO**  
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720  
Triacastela Lugo

**Ti elixes... Comida a domicilio**

**PIZZERIA PAPARAZZI**  
100% ITALIANI  
**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en la segunda pizza familiar  
**-25%** en la segunda pizza mediana

**Martes**  
Familiar de Jamón o Bacon  
**8€**

Servicio a domicilio  
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria  
Tel. 982 012 026

**CAFETERIA Polo**

**SERVICIO A DOMICILIO**  
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

**Matias Locanda**

**SERVICIO A DOMICILIO**  
RÚA MAIOR 4, SARRIA - TELÉFONO: 982 886 112



**... Comida para recoller**

**CERVECERÍA ESPAÑA**  
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

**CERRAMOS LOS MARTES**

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...  
**VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR**

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

**CAFETERÍA EL PARISIEN** Comida para llevar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 \* T. 982 530 491 \* SARRIA

**cafe CUBAN bar**

**COMIDA PARA LLEVAR**

**1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22**

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com  
Tfno.: 982 886 580

**BAR Montecarlo**

Nuestra carta en tu mano  
**Comida y cafés para llevar**

Rúa Diego Pazos 1. 27600 - Sarria  
Telf. 982 88 69 66 621 37 10 22 montecarlosarria.es

# “Nos colexios rurais atendemos aos nenos de forma personalizada”

O CEIP Samos foi a aposta por crear unha escola que unificara á cativada das diferentes parroquias samanenses no ano 1983

Falamos con Noelia Pillado, responsable do centro educativo Ceip Samos; Jennifer López, responsable da especialidade de Audición e Linguaxe no centro; e Jesús Losada e Pedro, exprofesores no colexio.

**Como foi a implantación da escola hai 40 anos?**

Eu cando cheguei (fala Jesús) o segundo ano de ter inaugurado o centro, o único que había era o colexio, o exterior era un páramo sen nada ao redor. O centro creouse para 6 unidades, pero desde o principio xa traballamos con 9, unha de infantil, preescolar por aquel momento, e oito de EXB. Os espazos eran moi reducidos e houbo que dividir aulas e aproveitar outros espazos que había para dar clase. A primeira petición que se fixo foi a de construír un pavillón polideportivo porque a Educación Física non había onde dala. Había un pórtico cuberto pequeno, pero con moito esforzo o Concello decidiu facer o pavillón deportivo municipal dentro do recinto do colexio, iso foi un alivio para a Educación Física e para os recreos porque aquí chove moito no inverno. Despois, fíxose o patio de recreo que hoxe en día é increíble con parque infantil, zonas pavimentadas... as melloras hoxe en día son notables. Daquela, cando eu cheguei, había 169 alumnos no ano 84-85.

Agora hai 22 alumnos, o cal é significativo. A finais dos 90 foi cando empezou a baixar a grandes pasos o alumnado ata o día de hoxe, que son poucos, aínda que máis noutros momentos.

**Que supuxo a escola para o Concello e os habitantes?**

Para a sociedade (segundo Jesús) supuxo a unificación de todas as escolas que estaban repartidas nas diferentes parroquias de Samos, foi xuntar a todos os nenos nun mesmo recinto. Nas escolas unitarias, a unificación supuxo conseguir un transporte escolar para traer os nenos á escola, supuxo comedor escolar para os nenos e non ter que ir á casa, foi un avance importante. O alumnado tiña profesorado para cada nivel, nas escolas unitarias estaban todos xuntos e aquí puideron diferenciarse por niveis. Para o alumnado foi importante e para os pais tamén porque podían conciliar.

As escolas unificadas (segundo Pedro) foron un fomento do abandono do rural brutal. Por exemplo, o colexio Fiz Vergara Vilariño estivo funcionando moi poucos anos, e o Val de Lóuzara é unha entidade cultural de primeira magnitude. Ese colexio foi pechado pola administración tendo alumnado, o cal resulta incompreensible. Era neces-

sario mantelo aberto para non promover o abandono e desarraigo e o derrubamento da vida no Val de Lóuzara que ten recursos naturais e servizos ecosistémicos de primeira orde.

É necesario que se reabran os colexios do rural como ámbitos educativos óptimos se contan con profesorado suficiente e que se retorne a eles. O rural non é idílico por se, se conta coas condicións debidas. Unha formación debida para o rural, coñecer os contextos rurais e de futuro, temos que volver ao rural. Nesa defensa hai que retornar e non ten sentido seguir pechando escolas. Non se pode condenar ese val.

**Cales son as causas de que baixara tanto o alumnado desde o 83 ata agora?**

Hai dúas causas (segundo Jesús): a natalidade, que baixou; e tamén a perda de explotacións agrarias, antes había infinidade, fixeron o posible para que foran pechando e moitos veciños tiveron que



marchar para Sarria. Eu estiven de profesor no Frei Luís e había moitos fillos de exalumnos de Samos. Trasladáronse buscando unha mellor forma de vida porque a perda das explotacións foi un pau para o rural.

**Como cambiou o centro fisicamente?**

O pavillón e o que é o centro están igual, pero si que se fixeron os patios para o recreo. Sobre todo queremos destacar (fala Noelia) o patio inclusivo foi creado coa axuda da Anpa, que tivo a iniciativa de crear un patio inclusivo e entre a Anpa e o centro creamos unha aula para pasar as horas que chove, que son moitas, nunha aula na que poder facer xogos inclusivos.

**Como é o tipo de educación que**

**se leva a cabo no cole?**

Baixo o noso punto de vista (fala Noelia) apréndense uns valores que noutro tipo de colexios non se aprenden. Os pequenos toman como modelos de referencia aos maiores e os maiores teñen moita responsabilidade desde pequenos ao facerse cargo dos máis novos. Axudan aos pequenos a nivel escolar e de crecemento persoal. Como docente é unha experiencia marabillosa ver como van progresando sen a túa propia axuda. Son eles os que se van desenvolvendo e é diferente a como é noutros centros. Os contidos curriculares trabállanse en todas as escolas, pero nestas ademais se ven uns valores e hábitos que nunha escola grande non. Aquí somos unha gran familia e nos




**REVESTIMIENTOS FONTAL**

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

**COMPRA-VENTA DE MADERA**  
Más de 30 años en el sector

**MANUEL DÍAZ DÍAZ**  
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!  
Llámenos sin compromiso.  
Trabajamos toda la comarca de Sarria.  
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 • 619678989  
Grallas, 13 - O Paramo

colexios grandes moitas veces non se coñecen entre eles. Aquí coñécese todos. Eu (fala Jesús), despois de estar neste colexio, estiven nun máis grande e estas cousas eran imposibles, non podían coidar uns doutros e había que implicar ao profesorado pero non era posible. Aquí é máis familiar, ten moitas vantaxes.

#### Que desafíos presenta este colexio?

Falta de persoal (fala Jennifer). Noelia é a responsable do centro e profesora de primaria e eu son a de Audición e Linguaxe, pero nós temos que dar Educación Física e Música porque non hai xente e é un problema para os nenos porque logo chegan a Sarria e teñen menos coñecementos que os que levan alí anos porque teñen profesionais a pesar de implicarnos ao 100%. Ademais, como dixo Pedro, hai falta de formación no ámbito rural. Eu (fala Noelia) cando cheguei tiña cinco cursos, uns nenos con libro, outros con ordenador e eu ao principio non daba abasto con todo e eu pasaba moitas horas na casa, excedendo o meu horario, preparándome para que ningún neno quedara atrás, hai que preparar para varios tipos de alumnado e ao ser tan pequeno o cole o bo é que os nenos maiores atenden aos pequenos e iso é moi bo, porque ademais como non hai persoal, se vén alguén, tes que atenderlle. Os maiores son unha gran axuda. Outros problemas, ademais da propia falta de profesorado, é que os proxectos quedan a medias porque teñen que facerse dun ano a outro pero se o profesorado cambia, o proxecto morre.

#### Teñen colaboración coa Xunta e co Concello, como o valoran?

Para nós o mellor é a Anpa, que está sempre axudando e buscando axudas porque saben que ao final iso vai repercutir logo nos seus nenos. Para min (fala Noelia) é o máis importante. Actualmente, tamén temos moita comunicación co



Concello, moi fluída, e queremos tirar deles para o que necesitamos e eles tamén se dan conta de que somos un motor porque se veñen nenos fíxase poboación en Samos e iso impórtalles, polo que están con nós. A Consellería, máis ou menos. Este ano aumentamos o profesorado, o que avaliamos positivamente porque así podemos dividir aos nenos e é algo que as familias valoran. De 6 a 12 anos as familias o ven como un problema, porque aos de 12 anos hai que preparalos para o instituto. Agora ao ampliar o profesorado, mellor.

#### Poden comentarnos algunhas diferenzas entre o alumnado de antes e de agora?

O alumnado dos anos 80 (fala Jesús) era un alumnado que vivía moi intensamente o medio rural, vivían coas vacas e sabían como

se chamaban. No colexio eran moi respectuosos, coido que o seguen sendo, case sempre pasa o mesmo. No medio rural os nenos son máis respectuosos que os do mundo urbano. Cambiou a cousa en canto a que antes non había teléfonos nin ordenadores, o mundo cambiou e a sociedade avanzou entón fóronse adaptando tamén. Por outro lado, recordo que antes se facían as excursións como un acontecemento increíble e unha experiencia tremenda para os nenos, porque non facían viaxes, pero agora xa van cos pais, poden velo na tele, entón iso cambiou, pero as escolas foron un precedente. Eu (fala Pedro), a única diferenza que noto é que o sistema capitalista turbou o medio rural, que é un medio moi resiliente, con moita capacidade de autoxestión e de autoabastecemento, o cal non



lle interesaba ao consumismo industrialista. Agora, con toda a invasión eólica ao servizo das grandes multinacionais prexudicando ao medio rural na súa actividade máis xenuína, a agricultura sufriu un proceso industrializador, que a está a prexudicar notablemente porque agora o mundo ten a emerxencia climática e a falta de combustibles fósiles o futuro non vai ser industrial, polo que haberá que volver ao rural, pero de forma crítica, cos coñecementos de hoxe e a cultura da agricultura rexenerativa, e incluía nos saberes tradicionais para facer un polo do século XXI para mellorar a permanencia da agricultura veciñal con comunitarismo. A educación debiera retornar desde o punto de vista crítico e consciente aos valores tradicionais aproveitables co sentido crítico. No rural

sorprendeume gratamente (fala Noelia) que os nenos non teñen esa pillaría que hai no medio urbano de buscar cousas no ordenador que non teñen que ver coa clase. E vese a diferenza entre os coles rurais e outra tipoloxía de centros. Eu creo que o medio rural vai medrar e imos conseguir máis alumnado en vindeiros anos. A xente a raíz da pandemia valora máis o rural, ven que os colexios urbanos cada vez están máis masificados e aquí podemos atender a máis alumnado, é unha atención personalizada, temos un valores diferentes e as nosas infraestruturas son increíbles, con espazos verdes... e ademais promovemos a conciliación, estamos mirando madrugadores, actividades pola tarde, campamentos de verán... Todo son vantaxes para apostar polas escolas rurais.

**Empresa especializada en traballos verticais**



**REFORMAS Y LIMPIEZAS**

**Ramos Lourés**

Rei Don García 91 Bajo. 27002 Lugo  
659 718 582 (24h) / 665 590 486  
info@ramosloures.es / www.ramosloures.es  
rylramosloures

**DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)**

- Limpieza de canalones • Reparaciones de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas y patios de luces
- Trabajos confinado y en altura en industria
- Además disponemos de servicio de desatascos 24h

## o páramo

## Os 'Espazos das familias' serán os martes pola tarde



A Asociación socio-educativa Antonio Gandoy pon en marcha os 'Espazos das Familias', unha actividade que ten como obxectivo principal que as familias conten cun lugar e un tempo onde compartir, debater e reflexionar sobre a marabillosa experiencia da crianza dos nenos e nenas en colaboración co Concello do Páramo. O obxectivo é que as familias coñezan cales son as actividades máis axeitadas para acadar o mellor desenvolvemento dos seus fillos e fillas tendo en conta a súa idade, tamén que as nenas e nenos podan atoparse con outros das mesmas ou parecidas idades e con diferentes adultos. Esta actividade está dirixida a pais e nais de alumnado da Escola Infantil do Páramo, pero tamén poden acudir pais e nais que non teñan aos seus fillos nela, xa que é un espazo de Formación de Pais. Así, estas actividades terán lugar os martes lectivos ás 11.00

horas no edificio do Concello de O Páramo para compartir dúbidas e experiencias coas demais familias, facendo actividades axeitadas a cada idade e respectando as medidas de seguridade e hixiene que a situación sanitaria requira en cada momento.

**ASOCIACIÓN.** A Asociación socio-educativa Antonio Gandoy é unha entidade sen ánimo de lucro que, conformada por extraballadoras da extinguida Fundación Preescolar na Casa, ten como misión principal preservar, difundir e dar continuidade á tarefa socioeducativa desenvolvida por Preescolar na Casa. Ofrece ás familias con nenas e nenos de cero a seis anos a posibilidade do encontro e intercambio con outras familias e cunha profesional da educación, co fin de que poñan en valor o seu importante papel como educadoras e que compartan dúbidas.

## Convocan a nova edición do Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez

O Concello de Paradelo organiza un ano máis o Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López, que este ano chega a súa vixésimo novena edición.

O prazo de presentación das obras pecharase o 30 de novembro e tan só haberá que enviar un exemplar, sen sinatura e cun lema, ao Concello de Paradelo situado na rúa Cabaleiros de Santiago 15, ou por correo electrónico oix.paradela@eidolocal.es.

Haberá un primeiro premio de 1.000 euros para cada categoría e de 500 euros para o segundo premio. Na modalidade do Camiño de Santiago tan só haberá un



primeiro premio. O xurado reserva a facultade de conceder dous accésits de 250 euros e dúas mencións de honra do mesmo importe en cada categoría. O Concello emitirá o seu fallo no mes de maio 2024.

Na edición anterior presentáronse

879 obras, das cales 379 corresponden á categoría de poesía e 466 a narrativa, das que 34 son da modalidade especial do Camiño de Santiago. A obra de poesía 'As palabras son cinzas por soprar, de María Soledad García Riveiro de Nigrán foi a obra gañadora.

## Piden a construción da LU-P-4206, que conecte Paradelo co Saviñao

Antonio Ameijide explica que defendeu unha iniciativa para que a Deputación impulse a construción e continuación da LU-P-4206 para conectar os concellos de Paradelo e O Saviñao.

Así, ve positivo que a Deputación recupere este proxecto, dado o crecente interese que hai polo turismo de experiencias na natureza e polo turismo activo no interior e pola consolidación da Ribeira Sacra como destino turístico.

No proxecto que defenderán, inclúese unha senda ciclista e peonil coa que garantir a seguridade de ciclistas e sendeiristas, ademais de apoiar o turismo sostible.



Antonio Ameijide recorda que este proxecto xa se iniciou no ano 2003, pero que coa chegada de PSOE e BNG á Deputación en 2007 e co bipartito na Xunta de Galicia, o proxecto quedou sen finalizar. Para os deputados populares este proxecto é fundamental para o des-

envolvemento e para vertebrar o territorio, un proxecto que percorrerá a beira do Miño con fins claramente turísticos e de conexión territorial entre Paradelo e O Saviñao, pasando por varios núcleos de poboación e distintos miradoiros ao río.



# INVISTE EN PARADELA

**FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.**



# “O agradecemento dos nosos clientes é un motivo para seguir”

José Manuel López Díaz, xerente de Muebles Sindín de Paradela

## Como nace esta empresa?

Esta empresa creouna o meu pai, Eliseo López Sindín, e a miña nai, Luisa Díaz Vázquez; arredor dos anos 80, polo que ten unha proxección de máis de 40 anos no tema dos mobles, aínda que no ano 1973 xa tiñan a carpintería. El era carpinteiro e empezou coa carpintería, pero logo pasou ao negocio dos mobles en xeral. Tras moitos anos e tras a boa proxección da súa vida laboral, decidín coller o negocio porque levaba toda a vida cos meus pais e gustábame o sector do moble.

## A que se dedica esta empresa?

Está dedicada á venda de mobles en xeral, pero cunha clara especialidade en armarios encaixados, sobre todo para vivendas de aluguer, como os pisos que se alugan. O noso proxecto consiste en ofrecer a opción máis barata á hora de que os nosos clientes amoblen a súa vivenda, pero sempre asegurando a máxima calidade. Todo isto facémolo grazas a pertencer á Asociación Galega do

Moble, que nos asesora e nos aconsella profesionais do deseño que nos axudan nestas tarefas. Así, nós como empresa encargámonos de todo: do presuposto, do deseño, dos planos, da arquitectura do piso amoblado... Temos acceso a decoradores e facemos toda a decoración da vivenda.

## Están enfocados ao piso en aluguer, pero non só iso.

Sí, temos unha gran cantidade de clientes que queren amoblar o seu piso de aluguer, pero tamén amoblamos chalés de particulares, hoteis, pensións, albergues para peregrinos... O máis recente foi un traballo que fixemos para o Hotel A Paxara, en Escarón.

## Que é o mellor da profesión despois de 40 anos?

O mellor é a satisfacción de seguir vendendo e seguir existindo a pesar de todo. Somos una empresa efectiva e con moita venda e moita carga de traballo.

Temos dous empregados que traballan con nós e logo subcontratamos

o servizo de decoración, que dispón de decoradores e deseñadores para que poidamos encargarnos nós de todo o traballo en vivenda.

## Como é o trato cos clientes?

Temos unha efectividade de venda do 95 %, é dicir, o que entra, compra. O que máis valoran os nosos clientes é que levamos a cabo unha comunicación transparente e continua total, desde o primeiro momento.

Atendemos aos nosos clientes o tempo que é necesario, incluso fóra do noso horario, informamos de todo o proceso e dos traballos, imos ata a vivenda e medimos nós todo o lugar onde se quere amoblar, facemos os planos a escala... Ese bo trato aos nosos clientes fan que acaben sempre moi contentos. Ademais, queremos recoñecer que os nosos empregados son moi bos, fan unha montaxe perfecta, xa que ademais de montar ben os mobles, logo aspiramos todo e queda moi limpo, o que o cliente agradece. Para nós, a fidelidade dos clientes e o agradecemento que nos



transmiten é un dos motivos para seguir traballando tanto e con tanta ilusión, xa que agradecemos moito a confianza depositada e que nos veñan comprar. Ao final, a relación é máis familiar.

## Que tipo de maquinaria utilizan?

Para facer os armarios encaixados, levamos a cabo a medición do lugar e logo faise un proxecto ao cliente. Para a construción, temos maquinaria de todo tipo, actualizada e automática, para que se tarde o menos posible en ofrecer o servizo ao cliente, que adoita ser dun mes ou mes e medio de media. Ademais, facemos a entrega ao domicilio no menor tempo posible desde que se fai o encargo, intentando reducir o tempo de espera do cliente ao menos posible.

## Como valora o seu traballo?

Como comentaba, temos unha efectividade total de vendas, polo que o boca a boca dos clientes que quedaron satisfeitos, fai que un cliente che dea outro cliente. Eu valoro ben o traballo, xa que o facemos con esforzo e dunha maneira totalmente personalizada.

## En que ámbito de actuación traballan?

O noso marco de actuación principal é Paradela e toda a comarca de Sarria, onde temos sempre a maior parte do traballo, pero tamén actuamos en Lugo e no resto da provincia, así como na Coruña e no resto de Galicia. Fóra de Galicia, temos moito negocio no Bierzo e agora estamos tendo bastantes clientes en Bilbao, polo que non nos pechamos a nada.

## A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela organiza unha nova excursión

A Asociación de Mulleres Rurais organiza unha nova actividade para finais de outubro, coa fin de manter o grupo unido e compartir experiencias. Desta maneira, os vindeiros 21 e 22 de outubro está previsto que as persoas que queiran poidan

apuntarse a unha saída a Xixón e Oviedo. A saída será o día 21 ás 6.45 horas desde o mercado gandeiro e, despois dunha parada para almorzar, chegarán a Xixón para visitar a cidade. Xa o día 22 poñerán rumbo a Oviedo, onde desfrutarán dunha

visita guiada e visitarán algúns dos lugares destacados. Concretamente, ao mediodía irán unha típica sidrería para comer o famoso cachopo asturiano e, pola tarde, pasearán durante un anaco para logo volver cara a Paradela de volta.

## Xa se poden solicitar as xornadas de balneario

Os veciños de Paradela interesados en desfrutar do programa ‘Benestar en balnearios’, que está destinado a persoas maiores de 60 anos, xa poden solicitar a inscrición e desde o Concello avisan de que o prazo para solicitar este bono é ata o vindeiro 18 de outubro. A quen-

da do programa será de 10 días e 9 noites cada unha e realizaranse en réxime de pensión completa desde as 12.00 do día da chegada e a mesma hora do día de saída. Ademais, o desenvolvemento das quedas será entre o 22 de outubro e o 31 de decembro.

¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?\*

\*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)

¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!

**GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA**

NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

**INFÓRMATE SIN COMPROMISO**

**TOURIST HOME**  
Tfno. Información  
**650 082 298**

**FONTANERÍA Y GAS**  
**VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA  
SUELO RADIANTE  
BIOMASA  
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

## o incio

# O Concello oferta este ano aulas de música e baile tradicional

O Concello do Incio oferta aulas de música e baile tradicional para nenos e adultos. As de música serán os sábados a partir das 16.15 con gaita e percusión de 7 anos, ás 17.15 música e movemento, ás 18.00 horas con gaita e percusión de adultos, e ás 19.30 horas acordeón para maiores de 8 anos e adultos. Tamén os sábados a partir das 17.00 horas serán as clases de baile de adultos e ás 18.00 horas as de nenos de 3 a 12 anos. O prezo por actividade é de 10 euros ao mes.

Estas actividades estarán impartidas por Daniel Fernández López, profesional da música que posúe o Grao Profesional



na especialidade de Gaita e o Grao Superior na especialidade de Instrumentos da Música Tradicional e Popular. Tamén

impartirá clases Yolanda Álvarez Castro, formada dende os 3 anos nun amplo abano de estilos de baile, combinando a aprendizaxe en escolas privadas co conservatorio de danza.

**SECUNDARIA.** A Anpa do Ricardo Gasset do Incio vén de presentar as actividades extraescolares para o alumnado de secundaria do colexio. As actividades serán de inglés os luns de 17.30 a 18.30 horas e de patinaxe os mércores e xoves de 17.30 a 18.30 horas.

As persoas interesadas en participar poderán facelo apuntándose no Concello do Incio, xa que as clases de inglés son gratuítas e as de patinaxe teñen un custo de 10 euros ao mes.

## Abraham Cupeiro marcou a presentación da Guía do Románico

Presentouse a Guía do Románico da Ribeira Sacra-Courel na igrexa de Hospital do Incio nun evento na que os asistentes, ademais de coñecer as características desta guía, puideron desfrutar da música de Abraham Cupeiro e da degustación dalgúns produtos locais do Destino Courel.

O acto, que tivo lugar ás 18.30 horas, estivo marcado pola cantidade de persoas que acudiron á igrexa a participar deste evento cultural, musical e gastronómico que puxo en valor o patrimonio da Ribeira Sacra e do Courel.

Pola súa parte, os asistentes quedaron satisfeitos coa iniciativa, remarcando que a música de Abraham Cupeiro ten unha "acústica inmillorable" dentro da igrexa, que estivo acompañada dunha contorna "marabillosa e bucólica".

## Celebrouse o último campionato social do ano do Clube de Pesca Río Neira



O Clube de Pesca Río Neira celebrou o último campionato social do ano, no que conseguiron pescar varias troitas e de gran tamaño.

Así, Iván López Buján conseguiu o primeiro posto xunto co maior número de capturas, mentres que Alicia Pérez Trebolle conseguiu o

segundo posto e Marcos Cupeiro López o terceiro.

Pola súa parte, Manolo López Caveiro logrou pescar a troita de maior tamaño, polo que desde o club recoñecen o seu traballo e comentan que xa están preparando novas actividades dentro da asociación.

## O Campionato do Mundo de Salmónidos Mosca deixa a David Arcay cun novo recoñecemento

David Arcay, socio de honra do Club de Pesca Río Neira de Lánara, conseguiu proclamarse subcampión do mundo individual no Campionato do mundo de Salmónidos Mosca, que tivo lugar en Slovakia.

A selección española volveu subir-se ao podio, logrando a medalla de bronce, mentres que o socio do club alcanzou, por segundo ano consecutivo, o subcampionato do mundo individual (terceiro podio individual consecutivo xunto co bronce de Finlandia 2021 e co ouro en Eslovenia 2012).

Así, desde o club din estar moi orgullosos de David Arcay, que adoita facer talleres e formacións para persoas que se inician no mundo da pesca de salmónidos mosca.



## O Concello cancela unha débeda

A Xunta de Goberno de Lánara adoptou no último Pleno abonar case 17.000 euros á amortización anticipada da débeda que tiña pendente o Concello.

Trala aprobación deste acordo as arcas municipais quedan "saneadas", pois este era o último pago dun crédito de 175.000 euros concedido pola Caixa Rural.



**RUTA EUFRASIANA.** A Asociación As Cavarcas do Incio organizou unha andaina de exploración do Camiño Eufrosiano para todas as persoas interesadas en coñecer máis a contorna do municipio samanense. Este percorrido entre o Mosteiro de Samos e a igrexa de San Eufrasio, no Val do Mao no Incio estivo guiado polo guía de montaña Iván Álvarez de Coureleando, as participantes poderán coñecer todos os lugares interesantes desta ruta que percorre Samos e o Incio e que é de dificultade baixa.

CARPINTERÍA METÁLICA



- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com

PINTOR



LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES  
PERSIANAS  
PAPEL PINTADO  
TARIMA FLOTANTE  
659 767 936

HOGAR  
CORTINAS - STORES  
RIELES  
ALFOMBRAS  
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497  
SARRIA (Lugo)



## A veciñanza reivindicou que se cubra a praza do médico

Os socialistas acompañaron á veciñanza de Láncara na concentración convocada polo Concello ante o Centro de Saúde para reivindicar que se cubra a praza do médico que se vai xubilar.

O senador por Lugo, César Mogo, e a deputada no Parlamento de Galicia, Patricia Otero, estiveron xunto ao alcalde da localidade, Darío Piñeiro, e o tenente de alcalde e deputado provincial, Pablo Rivera, entre outros cargos públicos. Unha manifestación á que tamén se sumaron locais de hostalería e comercios, facendo un peche simbólico entre as 12.15 e as 12.30 horas para acudir á mobilización e en sinal de protesta por esta situación.

Baixo a pancarta "Nin máis. Nin menos. Queremos o que temos. Láncara. Por unha sanidade pública e de calidade", a veciñanza reivindicou que no Centro de Saúde de Láncara,



situado na Pobra de San Xiao, agora mesmo atenden tres facultativos. Dous deles teñen 67 e 68 anos, e o terceiro xubilase con 70 anos o vindeiro luns.

"Contar cun facultativo menos suporía un gran paso atrás para Láncara. Non cubrir a praza implicaría que os médicos que quedan no centro de saúde aumenten a carga asistencial en máis do 50% cada un, ao ter que repartirse as 1.000 cartillas que xestiona o doutor que se xubila agora", denuncian os socialistas, que engaden que todo isto "repercute innegablemente na calidade asistencial do servizo, a pesar de toda a vontade que lle poidan poñer os dous profesionais que quedan no centro".

Os socialistas poñen o foco na realidade social de Láncara, cun alto grao de envellecemento e cunha gran dispersión xeográfica. Non entenden o silencio da Consellería de Sanidade que, tras a carta remitida polo alcalde alertándolle desta realidade que é inminente, non obtiveron resposta.

## Volven as actividades no municipio

O Concello de Láncara vén de presentar as actividades que formarán parte das Escolas Deportivas para nenos e nenas do municipio como actividades extraescolares durante o curso 2023-2024 no pavillón municipal da Pobra de San Xiao. Estas actividades, completamente subvencionadas polo Concello, consistirán en fútbol sala, baloncesto, atletismo, bádminton e pádel, e as persoas interesadas en apuntarse teñen ata o vindeiro 31 de outubro para facelo.

O desenvolvemento desta iniciativa inclúe nove meses, desde outubro a xuño de 2024, aínda que teñen diferentes duracións. No caso de atletismo, baloncesto e fútbol sala, serán de outubro a xuño; mentres que pádel, bádminton e fútbol sala baby comezarán en xaneiro e ata xuño.

**DIXITALIZACIÓN.** As persoas traballadoras, autónomas e desempregadas de Láncara están convidadas a participar dun curso de dixitalización na actividade agrícola.

Así, as persoas interesadas en aprender sobre como dixitalizar o seu negocio poderán apuntarse ata o 11 de outubro, xa que o curso terá lugar os días 14, 21 e 28 de outubro na antiga escola de Láncara en horario de 10.00 a 14.00 horas.

Esta iniciativa está organizada



polo Sindicato Labrego Galego e a COAG, e coa colaboración da Asociación Val de Láncara, Formación Agroalimentaria e o Goberno de España.

**CERÁMICA.** A Asociación Cultural Val de Láncara organiza novas actividades para este curso, comezando polos obradoiros de ce-

rámica, impartidos por Ceniza de Papel. Así, a mediados de outubro comezarán estes talleres, que terán lugar os sábados pola tarde, ás 20.00 horas, na antiga escola de Láncara.

As persoas interesadas en participar poderán apuntarse chamando ou mandando unha mensaxe ao número 691 175 650.

**STIHL**

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

**Ferretería Sarria**

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202.

## Zumba, ximnasia rítmica e ioga son as actividades organizadas pola anpa de Láncara

A anpa do CPI Ramón Piñeiro de Láncara organiza actividades extraescolares para os nenos e nenas do colexio e do municipio lancarés.

Estas actividades consisten no desenvolvemento de zumba kids júnior, ximnasia rítmica e ioga dance, que terán lugar polas tardes despois do horario lectivo regular.

Así, zumba kids júnior impar-

tirase os martes pola tarde ás 16.30 horas, con Ana; mentres que ximnasia rítmica será os mércores ás 15.40 horas, con Lucía. Por último, ioga dance terá lugar os xoves, ás 15.40 horas, con Ana G.F.

As persoas interesadas en apuntarse poderán facelo pagando unha cota mensual e chamando ao número 608 898 901.

## O BNG esixe á Xunta que garanta o servizo de transporte público para os estudantes

Carme Aira, a través do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, presentou unha proposición non de lei instando ao Goberno galego a tomar medidas para garantir o acceso ao transporte público das estudantes da ensinanza postobrigatoria do Concello de Láncara.

Na actualidade, Aira sostén que as persoas que cursan estudos postobrigatorios fóra do seu concello de residencia, atópanse cunha falta de planificación e recursos da Xunta de Galicia, e cre que "é fundamental garantir un servizo de transporte público que permita que a mocidade de concellos do rural galego, como é o caso de Láncara, sexa quen de cursar os seus estudos postobrigatorios no sistema público de ensino, sen ter que sufrir unha discriminación", explica Carme Aira.

plica Carme Aira.

Ante esta situación irregular, o BNG insta á Xunta a garantir o acceso ao servizo de transporte público ás estudantes e a súa conexión cos centros de ensino, ademais de mellorar o servizo de transporte por estrada no rural galego, así como aumentar a idade máxima da bonificación da tarxeta Xente Nova ata os 30 anos. Aira insiste en que o transporte público "debe ser un servizo fundamental que as administracións deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade". O transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, "xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático".

**maderasgrandas**

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

## Aprobado o plan especial de creación de solo industrial

O Concello de Triacastela vén de aprobar o Plan especial de creación de solo industrial para conseguir que se asentan empresas no municipio por primeira vez.

Esta zona, que terá unha superficie de 14.033 metros cadrados, servirá para uso industrial, pero tamén para crear servizos, vias e zonas verdes. Durante os vindeiros dous me-

ses este plan inicial, aprobado pola alcaldesa Popular, Olga Iglesias, poderá ser examinado por veciños e veciñas do municipio na Casa do Concello para informarse de en que vai consistir e tamén para poder presentar alegacións e, despois, será enviado á Xunta para volver ao Concello de Triacastela para ser aprobado polo pleno do Concello.

## Rosalía de Castro é o nome elixido para a biblioteca do CEIP Eduardo Cela Vila



O alumnado do CEIP Eduardo Cela Vila púxolle nome á biblioteca despois do impacto que causou o pasado curso a escritora compostelá Rosalía de Castro, polo que os nenos e nenas, a través dunha votación, bautizaron o espazo como 'A biblioteca de Rosalía'.

Esta será chave para o desenvolvemento do proxecto deste curso: 'O teu pasado, o meu

presente', pero tamén do Club de Lectura Interxeracional dos venres, polo que a biblioteca será un espazo decisivo para o traballo das diferentes áreas. Desta maneira, os usuarios do Club de Lectura poderán participar das actividades dunha biblioteca cun nome que representa ás persoas que defenden a lingua e cultura de Triacastela.

## A Cova Eirós amosa unha técnica artística non rexistrada

Unha nova exploración arqueolóxica da Cova Eirós, situada na parroquia lucense de Canelo (Triacastela), proporciona datos novidosos sobre a Prehistoria das montañas luguesas. Os traballos desenvolvidos ao longo deste verán dan continuidade e amplían as escavacións precedentes dos niveis do Paleolítico medio e permiten documentar as manifestacións de arte rupestre no seu interior.

Nesta campaña de 2023 participan membros do Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste, Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da USC (GEPN-AAT), do Institut Català de Paleocologia Humana i Evolució Social de Tarragona (IPHES-CERCA) e da Universitat Rovira i Virgili (URV), ao abeiro dun convenio coa Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**INDICIOS.** As intervencións arqueolóxicas realizadas ao longo do verán centráronse na exploración da entrada de Cova Eirós e na documentación da arte do interior. Os resultados da investigación ofrecen nova información sobre os modos de vida das comunidades de neandertais que ocuparon a Cova Eirós e sobre o mundo simbólico do Paleolítico superior. A nova exploración do nivel do Paleolítico medio (Nivel 4) amplía o coñecemento sobre os grupos que habitaron as Serras Orientais hai máis de 45.000 anos e que utilizaron a cova como campamento durante tempadas relativamente longas. Nas escavacións recuperáronse os restos das ferramentas líticas fabricadas en cuarcitas e cuarzos recollidos nas beiras dos ríos próximos. Estes aparellos eran usados para procesar os



animais cazados, as súas peles e para fabricar ferramentas en madeira. Atopáronse, tamén, restos óseos e dentais das presas, como mandíbulas e ósos de cervo.

As comunidades de neandertais no lugar capturaban cérvidos, rebezos e cabalos nos vales e bosques próximos que despois, unha vez despezados, levaban

á cavidade. Algúns destes restos óseos conservan aínda as marcas de corte feitas coas ferramentas líticas usadas para o seu descarnado. As pezas recuperadas amosan que Cova Eirós tamén foi ocupada alternativa-

mente por carnívoros que a usaban como cubil ou oseira. En paralelo ás escavacións, realizáronse traballos de documentación e fotogrametría e levantamentos en 3D dos paneis contedores de arte nas salas do interior de Cova Eirós. Nesta campaña identificáronse novos motivos no fondo das galerías realizados cunha técnica non documentada ata o momento. Descubríronse puntos e signos pareados debuxados en pintura vermella no teito da galería, cun uso do ocre como pigmento que non fora documentado en ningún dos paneis coñecidos previamente e que amplía as técnicas e motivos representados na arte de Cova Eirós.

**CARNICERÍA**  
*Noda*

**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

**DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA**  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

**Vazquez Autos**

**pelayo**  
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

# DEPUTACIÓN

## O Pleno acorda pedir á Xunta que cubra a xubilación de médicos

A Deputación de Lugo esixirá á Xunta de Galicia que garanta a atención sanitaria dos veciños e as veciñas da provincia ante a xubilación inminente de máis de 20 médicos que prestan servizo nos centros de saúde dos concellos de Láncara, Sober, Pantón, O Páramo, Guitiriz, Castro de Rei, Samos, Monterroso, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, O Incio, Portomarín, Antas de Ulla, A Pontenova e Begonte. Así se acordou no pleno provincial tras unha proposta do grupo socialista, que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e cos votos en contra do PP. Unha sesión á que asistiron Alcaldes, concelleiros e concelleiras das localidades afectadas.

A voceira socialista, Pilar García Porto, sinalou durante a súa intervención que segundo os datos da propia Consellería, o 24,5% dos médicos colexiados teñen 65 anos ou máis, e outro 26% sitúase na franxa dos 55-64 anos. “Como lle pasa aos malos alumnos, o inicio do curso pilla á Xunta con materias suspensas, deberes pendentes e sen metodoloxía de traballo para o novo curso político. A situación da sanidade pública na provincia é, por desgracia, un exemplo de como a mala xestión do Sergas a pagan os lucenses e as lucenses co deterioro dos servizos públicos”, lamentou.

A Corporación provincial demandará tamén á Xunta que se restituán os cadros de persoal previstos para cada centro de saúde, recuperando as prazas que foron desaparecendo por mor das políticas de recortes do Partido Popular; que estableza



modelos de carreira profesional que aseguren a carga de traballo axeitada aos profesionais, eliminando os cupos excesivos de doentes, a non cobertura de baixas ou vacacións, e a temporalidade.

**CANON EÓLICO.** A institución provincial reclamará tamén á Administración autonómica que modifique o modelo de tributación do canon eólico, pasando a fixalo por potencia en lugar de por muíño; que defina a participación dos concellos costeiros nos beneficios da eólica mariña; e que estableza que a recadación íntegra do actual canon eólico e do futuro canon da eólica mariña se destine a melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación dos parques. Así o aprobou o pleno, tras outra proposta do grupo socialista que saíu adiante cos votos favorables do PSdeG e do BNG, e do voto en contra do PP.

“Os concellos acollen o impacto das obras e neles aséntanse as infraestruturas que fan posible o aproveitamento das enerxías limpas”, explicou García Porto, ao tempo que denun-

ciou que precisamente as entidades locais “seguen a ser as grandes esquecidas no desenvolvemento do sector”, recibindo “un mal pago da Xunta”.

A voceira socialista recalcou que segundo os datos do Consello Económico e Social, o Goberno galego recada de media uns 22M€ anuais polo concepto do canon eólico; e que no ano 2021 puxo a disposición dos concellos 6M€, apenas un 27% do recadado; “no caso dos concellos da provincia, a cantidade percibida apenas é de 2,6M€, un 11% da recadación total da Xunta”.

**PLAN DE RECUPERACIÓN.** Na sesión plenaria acordouse por unanimidade a adhesión da Deputación ao servizo de asistencia técnica e dinamización para a participación e xestión dos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia por parte de Tragsatec –a empresa pública de Tecnoloxías e Servizos Agrarios que forma parte do grupo Tragsa-, un asesoramento do que poderán beneficiarse os concellos da provincia.

## Pedirá fondos europeos para un plan turístico para augas de interior

A Xunta de Goberno aprobou adherir á Deputación de Lugo a unha agrupación de entidades de diversos puntos do país para solicitar conxuntamente 1M€ de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia impulsado polo goberno de España para impulsar novas experiencias turísticas arredor das augas de interior. Así o anunciou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen subliñou que con esta decisión “buscamos fortalecer a estratexia que vimos levando a cabo para potenciar o sector turístico como un dos motores económicos da nosa provincia, cunha importante capacidade para dinamizar especialmente o rural, a través dun modelo sostible, de calidade, de experiencias, que coida o patrimonio e que deixa un alto valor no territorio, en termos económicos e de emprego”.

A agrupación a través da que a Deputación de Lugo solicitará estes fondos europeos, enmarcados no

programa Experiencias Turismo de España, está impulsada pola Deputación de Cáceres e conta coa institución provincial de Badaxoz; a Asociación Turística Terras de Iranzo-Ko-Lurra de Navarra; a Mancomunidade Valle Norte de Lozoya de Madrid; a Asociación para o Desenvolvemento Integral da Serra Oeste de Madrid; e a Federación Nacional de Asociacións e Municipios con Centrais Hidroeléctricas e Embalses.

O proxecto inclúe diferentes actuacións, como a creación dunha Rede Española de Ecoexperiencia en Destinos de Auga de Interior; a elaboración de manuais, plans de comunicación e márketing, e de guías turísticas sobre estes destinos; a celebración de encontros e intercambios para analizar a situación e os potenciais destes recursos turísticos; e a creación dunha páxina web e unha aplicación para promocionar os destinos a través das novas tecnoloxías.



## Unhas 1.230 persoas participarán no Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo botou a andar a segunda quenda de viaxes da terceira edición do programa Coñece a túa provincia. Faranse excursións gratuítas dun día os martes, mércores e venres, nas que participarán máis 1.230 persoas de 55 entidades da provincia ata o 7 de novembro.

O Coñece a túa provincia vai xa pola súa terceira edición, dividida en dúas quendas. A primeira desenvolveuse durante a primavera, entre os meses de marzo e xuño, e contou con 1.800 viaxeiros de 90 asociacións. Agora arranca a segunda,

que se prolonga ata principios de novembro, e están anotadas máis de 1.230 persoas de 55 entidades.

A Deputación continúa con este programa gratuito ante o enorme éxito que obtivo, pois ata o momento xa desfrutaron destas viaxes un total de 6.800 persoas de 310 colectivos da provincia de Lugo. A iniciativa está dirixida a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lucense seguindo diversas rutas

polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia de Lugo. Estas visitas realízanse profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e persoal de atención ao público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa.

## Tomé, reelixido presidente do Consorcio de Bombeiros de Lugo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido por unanimidade presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento nunha sesión extraordinaria do Pleno da entidade, celebrada na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos.

Neste pleno tamén tomaron posesión a deputada Pilar García Porto e o vicepresidente, Efrén Castro Caloto, en representación da institución provincial. Ademais, formarán parte do Consorcio aqueles concellos da provincia que contan con parques de bombeiros. Asistiron polo Concello

de Barreiros o tenente de alcaldesa, Antonio Veiga; o primeiro tenente de alcaldesa de Viveiro, Jesús Fernández; a rexedora de Vilalba, Elba Veleiro; e o rexedor de Chantada, Manuel Varela.

Pola súa parte, continúan os representantes da Xunta, como vicepresidente do Consorcio o Director Xeral de Emerxencia e Interior, Santiago Villanueva, e como membros o Delegado Territorial da Xunta, Javier Arias, e o subdirector de Seguridade e Coordinación, Andrés Iglesias. Tamén se acordou a modificación do Orzamento de 1.058.852€ para a adquisición dun vehículo de altura.

# DEPORTES



## A RFEF rende homenaxe a adestradores locais

O auditorio Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo vestiu as súas mellores galas para albergar a festa do Día do Adestrador, un evento organizado polo Comité Galego de Adestradores da RFGF. Foi unha xornada de fortes emocións, repleta de momentos para o recordo, un acto no que a formación, a lembranza cara aos que por desgraza xa non están entre nós e o recoñecemento por parte do fútbol galego aos nosos técnicos déronse a man no paraíso das Rías Baixas. A xornada, moi emotiva, concluíu coa entrega da Medalla de Prata da RFGF a Jonatan Giráldez, o técnico vigués do equipo feminino do FC Barcelona campión de Europa. O Comité Galego de Adestradores da RFGF tamén quixo render a súa humilde homenaxe aos que xa non están entre nós. Foi un ano especialmente duro para o fútbol galego, debido a que neste 2023 deixáronnos gran parte das nosas lendas.

Así, a RFGF quixo, desta maneira, lembrarse e render tributo ás figuras de Arsenio Iglesias, Luís Suárez, Amancio Amaro e ao xornalista Pepe Domingo Castaño durante a celebración desta nova edición do "Día do Adestrador".

Un dos momentos máis emotivos e especiais chegou coa entrega de recoñecementos aos adestradores/as destacados/as que imparten maxisterio no fútbol galego.

O Comité Galego de Adestradores da RFGF que dirixe Iván Cancela quixo así, outro ano máis, recoñecer aos técnicos máis destacados da pasada campaña nas distintas especialidades que forman parte da RFGF (fútbol gaélico, fútbol praia, fútbol sala e fútbol) e a todos aqueles adestradores/as das distintas delegacións de Galicia pola súa traxectoria a prol do noso fútbol.

Entre eles destacan varios da provincia de Lugo. En fútbol campo destacou a figura de Fernando Corredoira, do EF Polvorín, como adestrador destacado da Delegación de Lugo; Rafa Casanova, do CD Castro, como o máis destacado de Primeira Galicia; Brais Prado, da Sarriana, en Preferente, e Simón Lamas do Vilalbés, en Terceira Federación.

En fútbol sala, o máis destacado da Delegación de Lugo foi Manuel Martínez, Maradona, adestrador no Concello de Guitiriz e no Lugo Sala. Tamén se recoñeceu a Christian Costoya, do Rábade FS, en Preferente Norte; Iván Cao, do Xove, en Terceira División; Dani Díaz, do Lugo Sala, en 2ªB; José Carlos Martín, Chipi, do FSF Castro na Segunda División Feminina; Julio Delgado, do Burela, na masculina. Finalmente, tamén se recompensou o labor de Benigno García, seleccionador benxamín, equipo que foi campión de España.



**VOLANTE DEPUTACIÓN.** O lucense Hugo Iglesias foi o vencedor do premio Volante Deputación, que se disputou no circuíto da Pastoriza e no que se puxo en xogo unha praza para competir na vindeiro Rally San Froilán. O lucense foi o máis rápido na proba final (1.56.803), por diante de José Rodríguez (1.59.816), Adrián Fernández (2.02.273).

## “A Sarriana saíu gañando ao fichar xogadores do CD Lugo”

Jorge Loureiro, sarriao afeccionado do CD Lugo

Falamos con Jorge Loureiro Vázquez, sarriao de 20 anos que acompaña ao CD Lugo en todos os seus partidos.

**De onde vén a súa paixón polo fútbol?**

Polo meu pai, que sempre me levaba a ver o fútbol e desde pequeno quixen xogar e entretíñame moito velo.

**Xogaches algunha vez ao fútbol ou a outro deporte?**

Si, xoguei a fútbol, a fútbol sala, a baloncesto, taekwondo e tamén practiquei atletismo.

**Acompañas a todos os partidos ao CD Lugo desde cando e por que?**

Si, sempre me gustou viaxar para ver ao meu equipo, pero o de ir a todos lados só foi desde a tempada pasada e foi porque de pequeno non podía ir a moitos sitios porque os meus pais por tempo e economicamente non podían ir, entón propúxenme ir un ano a todos os partidos.

**Alguns dirán que apoias ao equipo da cidade, pero non de Sarria, por que?**

A verdade desde pequeno era do Lugo e así seguín.

**A SD Sarriana, cal é a túa opinión sobre o fútbol que eles promoven?**

Están facendo as cousas moi ben, lograron o ascenso a 3ª RFEF e crearon a Sarriana B, creo que poden facer cousas interesantes.

**Como valoras que xogadores do CD Lugo pasasen a ser xogadores da**



**Sarriana?**

Pois para min a marcha de Pedro López naquel momento chocou bastante, xa que xogara co primeiro equipo e tiña moi boa pinta. Sen dúbida, nesa marcha a Sarriana saíu gañando, aínda estando en preferente levaron a un central de moito nivel. Pola outra banda, a marcha de Julen no persoal doeume, pero creo que aquí na Sarriana pode ter moitas oportunidades. Sen dúbida a Sarriana sobe o nivel do equipo e o Lugo perde dous talentos da casa.

**Como é ser afeccionado do CD?**

Lévase no sangue.

**Como esperas que sexa esta tempada?**

Espero e desexo que máis ilusionan-

te que a anterior, creo que xuntos se pode lograr o ascenso.

**Seguirás viaxando co equipo a todos os partidos?**

Vou tentar alongalo o máximo posible e seguir indo a todos, pero a ver ata cando podo, tentarei outra tempada máis, logo xa se verá.

**Que é o que máis che gusta de ir a cada partido?**

Coñecer cidades, xente e estadios de fútbol. Lévome, en xeral, moi bos recordos de moitos.

**Cres que algunha vez acompañarás da mesma forma a un equipo de Sarria?**

Non o descarto, pero no CB Sarria, teño moitos amigos alí, oxalá consigan o ascenso.

## A golfista sarriá Julia Fernández participou na Galicia Júnior Cup

88 nenos de todas as provincias de Galicia participaron na Galicia Júnior Cup da Federación Galega de Golf en Sarria, representando a 14 escolas de golf galegas. Durante o evento, xuntáronse, entre xogadores e familiares, máis de 200 persoas.

De Sarria participou, entre outros, Julia Fernández, de 8 anos, que empatou no primeiro posto da súa categoría (cativos feminina) con Celia González e Martina Botana.

A escola que obtivo os mellores resultados foi a do Real Aeroclub de Santiago, cunha puntuación total de 156 puntos, seguida da do Ría de Vigo, con 130 puntos e da de Barbanza Pitch&Putt, con 115 puntos. Con respecto aos campións, en cati-



vos masculina foi Jaime Fernández; mentres que en benxamín feminina foi Daniela Borrageiros e en masculino foi campión Mateo Botana. Por outra banda, en alevín feminina foi campioa Carmen Miguel e subcampioa Pomba Arufe e no masculino foi

campión Pedro Mourinho e subcampión Carlos Domínguez. Por último, en infantil feminina foi campioa Sabela Campos e subcampioa María Fernández, mentres que en infantil masculino foi campión Iago Pereira e subcampión Ramón Álvarez.

## A vila de Sarria será unha das sedes da Liga de Snooker

A partir deste mes de outubro volve a Liga Nacional de Snooker de España e Portugal e, un ano máis, Sarria volverá ser sede nacional desta competición do deporte ligado ao billar. Así o anunciou o presidente do Club Billar Snooker de Sarria, quen tamén participará de forma individual desta liga, xunto con outros compañeiros como David Castro e Diego Rey. Sarria será así a cidade que acollerá as sete xornadas e dous torneos que compoñen a parte regular desta liga, entre outubro e abril, sendo a única sede de todo o noroeste, xa que a seguinte sede máis próxima é Madrid ou Zaragoza.

**PARTICIPANTES.** Juan Pedro Durán, máis coñecido como Gussy,



defende que non sería posible que todas as persoas que van participar se desprazaran a Madrid ou Barcelona, polo que se establece unha sede no noroeste para favorecer a estas persoas e Sarria foi a elixida. "Sarria repite como sede porque o ano pasado foi un éxito",

explica.

Así, 10 persoas de Galicia, Asturias e León xogarán ao snooker durante os vindeiros meses no Club Billar Snooker de Sarria coa intención de clasificarse para os *playoff*, que posiblemente sexan en Oporto e, de aí, cara á final, que terá lugar en Madrid.

## Comeza a tempada de baloncesto

Por Adrián Fernández

Chega o mes de outubro e con el volve a competición ao Novo Chanto nunha tempada 23/24 marcada polos cambios na dirección do equipo.

Despois dun verán movido coa chegada ao club de Juan Norat Estévez como novo director deportivo, o regreso de Xabi López Acevedo como coordinador da categoría premini e a incorporación de Pepe Domínguez ao corpo técnico, o CB Sarria xa está listo para afrontar unha tempada longa e interesante.

O primeiro equipo en levantalo telón, e o único de momento, foi o equipo sénior masculino que comezou a Liga o 23 de setembro na casa contra o celtas de Foz, encontro que perdería por 64-72 cos recente descendidos, por culpa dun mal último cuarto; a fin de semana seguinte viaxarían a Coruña e conseguirían a primeira vitoria gañando ao Básquet Coruña en Riazor por 71-75, o que os deixa cuartos cun balance de 1-1.

O resto de equipos irán comezando a tempada de maneira gradual. O 7 de outubro é a quenda dos equipos júnior, tanto masculino coma feminino, e ámbolos dous contra o Cidade de Lugo; a seguinte fin de semana (14 e 15 de outubro) tócalles ao sénior feminino, en Lugo, contra o Sagrado Corazón e ao cadete masculino na casa contra Estudiantes vermello, e pola súa contra o cadete femi-



nino comezará a seguinte semana, a fin de semana do 20 e 21 de outubro, tamén contra o Cidade de Lugo no Novo Chanto. O resto de categorías aínda está por ver o calendario pero irán empezando nas seguintes semanas pouco a pouco. Pese a algunha perda impor-

tante, o traballo feito estes anos permite ao equipo ter boas expectativas e loitar por acadar bos resultados en case tódalas categorías e poder celebrar éxitos coma en anos anteriores, a tempada 2023/2024 xa está aquí.

## Álex Losada, da escola taekwondo de Sarria, estará no Open G1 de Croacia

Alejandro Losada Rodríguez, ou tamén coñecido como Álex Camba, promotor da Escola de Taekwondo de Sarria, participará do Open G1 de Croacia como profesional do taekwondo.

Segundo Álex, a súa intención é gañar os máximos puntos posibles nestes enfrontamentos e conseguir medallas, xa que quere seguir entre os 131 mellores taekwondistas do mundo na súa categoría e seguir subindo postos de cara ao Campionato Europeo de Taekwondo, que terá lugar a finais de novembro en Austria.

Así, di que competirá na categoría individual sénior 1 e tamén na modalidade por equipos, xunto cos seus compañeiros do equipo Neka Taekwondo de Monforte de Lemos, xa que no 2021 conseguiron ser Campións de Europa nese mesmo campionato e este ano queren repetir a experiencia.

Ademais, explica que el, como Campión de España, quere lograr os mesmos resultados individuais que obtivo en 2019, cando conseguiu o bronce no Campionato Europeo, polo que necesita moitos puntos neste Open de Croacia.

## Elena Vázquez vén de gañar o Campionato Galego de Enduro

Elena López vén de proclamarse campioa galega de enduro despois de conseguir ser a primeira da última proba do Campionato Galego de Enduro que tivo lugar na Estrada.

A sarriá de 20 anos corría por primeira vez nesta competición, pero non foi un factor que a botara para atrás e conseguiu proclamarse como campioa. Xa o ano pasado quedara segunda la liga galega e, desta vez, conseguíuno. Elena López non forma parte de ningún club de enduro, aprendeu de forma autodidacta e co seu pai, un apaixonado das motos. O ano pasado apuntouse a unha carreira preto de Sarria para probar e desde ese momento non parou ata conseguir o seu éxito.



# COLABORACIÓN

## A necesidade dun modelo turístico sustentable

### IDAS E VOLTAS



Carlos Gegúndez

**H**ai xa uns días que despedimos o verán, un verán que pechou con magníficas cifras para o sector turístico na nosa provincia, as infraestruturas hoteleiras e os servizos de restauración puideron beneficiarse, por sorte, dunha afluencia masiva de visitantes, nomeadamente nos meses de xullo e agosto. A chegada de turistas, sobre todo, dos que teñen un elevado poder adquisitivo sempre resulta de grande interese para dinamizar calquera economía e a nosa provincia non debe nin pode pecharse á recepción de persoas doutros lugares que contribúen a darlle un pulo a unha economía necesitada de activos que lle permitan medrar. É ben coñecido que temos un rico patrimonio que ofrecer e variadas tipoloxías: turismo etnográfico e rural, enolóxico, cultural, de montaña, paisaxístico e mesmo de sol e praia con excelentes areas que se atopan aínda nun estado de conservación extraordinario. Non debemos esquecer que contamos con recursos turísticos consolidados no sur da provincia como os canóns do río Sil, xaora no centro, a Muralla romana e a Catedral contan co recoñecemento de

Patrimonio Mundial da UNESCO e están a recibir cada vez un maior número de visitas. Tamén ao norte, aquí contamos cun recurso turístico xa moi consolidado como é a praia das Catedrais.

A Mariña foi ata non hai tanto tempo o refuxio para os que procuraban tranquilidade, gozar da paisaxe e non sufrir coas altas temperaturas. A pesar de que nalgún momento se incentivou a construción de vivendas destinadas á actividade turística e que alguén puido pensar que esta área podía evolucionar cara a tipoloxía de sol e praia orientada ao turismo de masas, nada máis lonxe da realidade, a costa nesa supervivencia tivo moito que ver o estoupido da burbulla inmobiliaria que deixou ao descuberto o feísmo paisaxístico dos esqueletos de ladrillo e formigón que aínda hoxe podemos contemplar nalgunhas zonas. Daquela, as terras do norte resistiron e polo momento aínda podemos contemplar as dunas naturais e a vexetación característica da zona, as cales nos ofrece ademais un magnífico mosaico de cores ao carón dos cantís, que conteñen a forza das bravas augas do Cantábrico.

Agora unha nova ameaza pon a proba a natureza salvaxe e todo o encanto da paisaxe mariñá e o seu hábitat, os seus recursos naturais



e paisaxísticos e mesmo a vida das súas xentes, As ondas baten cada vez con máis forza sobre o litoral, o nivel do mar sobe e tamén as temperaturas, mais aínda gozamos dunhas condicións climatolóxicas agradables en comparación con outros lugares. Por esta razón, este verán, o mesmo verán que nos deixou cifras récord de ocupación, foi tamén o verán das restricións, por exemplo as que afectaron ao consumo de auga. De feito, a elevada presión sobre os recursos hídricos puxo en serias dificultades a algúns dos nosos concellos que durante o estío incrementaron de xeito moi considerable a súa poboación, e xaora, aos propios recursos naturais, estes acusaron a presión demográfica e tanto a poboación local como

os propios veraneantes sufriron as consecuencias.

Durante a época estival e comezado xa o outono a calor segue a apertar, en todo este tempo moitas persoas cansas de aturar temperaturas extremas procuraron refuxio nas latitudes máis setentrionais e nalgún caso seguramente descubriron moitas das bondades e virtudes da nosa provincia, é moi probable que estas persoas repitan e que mesmo animen a chegada de máis visitantes, unha excelente noticia se non hai multitudes nin hordas que poñan en risco a conservación do hábitat natural, o patrimonio e os bens culturais.

Esta afección polo norte ten moito que ver coa crise climática que estamos a padecer e semella que non mudará a curto nin a medio

prazo dado que precisa de solucións globais. Temos que preocuparnos? Na capital de Galicia xa están a traballar no deseño dunha taxa turística. Temos que limitar ou restrinxir o número de turistas? Hai que apostar pola calidade ou a cantidade?

Podemos formular estas e outras moitas preguntas e seguramente haberá tamén múltiples e moi diferentes respostas dependendo de quen as faga e quen as conteste. Concordamos na necesidade de non renunciar a unha actividade económica emerxente e unha fonte de riqueza para o noso territorio, mais deberíamos transmitir as autoridades competentes e os axentes turísticos que cômpre unha reflexión e posterior planificación do modelo turístico que queremos desenvolver, isto é, o que nos convén, un modelo sobre todo sustentable. Debemos procurar as mellores solucións aos problemas sinalados para que se poida beneficiar o propio sector e tamén a poboación local minimizando danos e posibles efectos negativos derivados dunha actividade que pola súa propia natureza é practicamente imposible de harmonizar en perfecta sintonía co entorno no que se desenvolve. Entre tanto, haberá que ver a evolución dos acontecementos, como diría un afamado xornalista ao rematar unha das súas opinións radiofónicas: Atentos!

## TELÉFONOS DE INTERESE

### LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77  
Garda Civil: 982 54 31 47  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

### PARADELA

Concello: 982 54 11 01  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

### SARRIA

Concello: 982 53 50 00  
Policía Local: 982 53 08 50  
Garda Civil: 982 53 04 74  
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
982 53 21 12 / 982 53 21 13

### SAMOS

Concello: 982 54 60 02  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

### O INICIO

Concello: 982 42 70 14  
Garda Civil: 982 42 00 46  
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

### TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112  
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085  
Garda Civil: 062



### TRIACASTELA

Concello: 982 54 81 47  
Garda Civil: 982 54 60 08  
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

# SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@sarriaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU 57-2021

# As fake news invaden as nosas aulas

## O PUPITRE



Julio Díaz

**A**s fake news ou noticias falsas non son un invento da era dixital, desde tempos inmemoriais utilizouse con distintas fins a manipulación da información. O fenómeno da desinformación non é novo, pero as novas tecnoloxías da información, que inclúen as redes sociais e internet, potencian e acrecentan a súa forza. Se ben estas plataformas aportan grandes vantaxes e beneficios, tamén permiten una maior cantidade de información falsa e que a mesma se difunda e expanda a unha velocidade nunca antes vista.

Fronte a un problema de tal dimensión, que é o que pode facer a educación?, que podemos facer os docentes?, como podemos ensinar aos nosos alumnos a ser críticos coas noticias que lles chegan e coa grande cantidade de contidos que consumen no día a día?

Organismos oficiais como a OCDE ou a Unesco téñeno moi claro: a epidemia de desinformación é innegable e non poderá resolverse sen a axuda das institucións e da comunidade educativa. "As institucións educativas, os medios de comunicación e as autoridades deben investir en medios independentes e na alfabetización mediática e informacional para acrecentar o coñecemento e a comprensión dos medios e da información, a tecnoloxía dixital e a análise dos datos", explica acertadamente a



Comisión Europea.

Ensinar dentro das nosas aulas a analizar a información que consumen, independentemente da súa idade ou do curso no que se atopen, insírese nun plano moito máis amplo, que debe ir ligado directamente ao ensino dun pensamento crítico dos nosos alumnos.

Como sosteñen os informes da OCDE, os nosos estudantes aínda non son capaces de identificar as "Fake News" dentro das nosas aulas e a maioría das veces o que fan é simplemente replicar a información que chega, pero sendo incapaces de entendela e de argumentala.

Este pensamento crítico que deben manter os nosos alumnos forma parte das competencias do século XXI publicadas pola Unesco en busca dos intereses dos nosos rapaces, outorgándolles máis autonomía e invitándolos a traballar mediante resolución de problemas. Deben ser capaces de formular preguntas sobre un contido e buscar respostas; decidir unha acción a seguir e interactuar, emitir xuízos de valor, empregar estratexias retóricas apropiadas nunha discusión ou presentación.

O docente debe axudar a reflexionar, a investigar, a xerar unha opinión e aprender a argumentala para así poder fomentar un pensamento crítico nos seus alumnos facendo que sexan capaces de formular preguntas sobre determinados contidos e buscar as respostas axeitadas, xulgar a credibilidade dunha fonte; emitir xuízos de valor; identificar supostos; decidir unha acción a seguir e interactuar cos demais empregando as estratexias retóricas apropiadas en calquera debate ou discusión.

De todas maneiras teño a impresión de que cada vez que aparece un problema social axiña identificamos que a solución está na escola, e penso que sen dúbida esta debe xogar un papel esencial na formación de alumnos críticos que saiban buscar e acceder ás fontes de información, que sexan capaces de cuestionar e contrastar as mesmas, de analizar as diferentes visións dunha noticia, pero para que estas medidas teñan verdadeiro éxito, deberían encadrarse dentro dun proceso moito máis global de verdadeira formación de cidadáns críticos.

# O Galego toma posición

## COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**V**aia a que se armou estes días pasados coa decisión de utilizar o galego, catalán e euskera no congreso dos deputados en Madrid. Anda que non xerou ruído mediático arredor desta iniciativa. Que supón un ridículo maiúsculo cando todos poden entenderse perfectamente en español poñerse a falar no idioma co oficial e ter que utilizar auriculares. Que o gasto para o erario público é considerable, xa que houbo que adquirir os equipamentos e pagarlle a uns tradutores profesionais para que leven a cabo ese traballo. Que son cesións a uns para asegurarse os votos na investidura. En fin, que o tema deu xogo e seguirá a dar. En primeiro lugar, que no conxunto do reino de España existe unha lingua común, falada en todo o territorio, que tódolos cidadáns a coñecen e que ten o estatus de oficial, é obvio e indiscutible. Non perderá esa condición porque na sé da que se chama soberanía popular se escoite de cando en vez a algunha das súas señorías outra lingua que tamén é falada, usada e coñecida en certas partes dese territorio. Sobre a partida orzamentaria que cómpre destinar a elo, sen un pretender ser frívolo cos cartos de todos e recoñecendo a aposta pola austeridade en calquera Administración pública, permítaseme que relativice o investimento que suporá desenvolver este sistema de tradución no Parlamento español. E sen entrar en demagoxias, pero é

que non botamos contas do que que costaron aeroportos que apenas viron un avión nas súas pistas... Non nos paramos a pensar o que pode supoñer calquera viaxe oficial dun dos nosos mandatarios top á outra parte do mundo para asistir a unha toma de posesión dun presidente ou a un funeral de estado ... Cantos recursos, humanos, técnicos, materiais se mobilizan en situacións como as citadas. De verdade, témonos que martirizar porque no congreso, onde os nosos representantes podían tomar gin-tonics a tres euros, algúns deles utilicen a lingua propia da súa respectiva comunidade autónoma... Creo que está de sobra respostada cada unha das cuestións. Por último, as cesións a uns e outros deberíamolas contextualizar nun sistema parlamentario onde non existen maiorías absolutas e desde o minuto cero tense que negociar todo e chegar a acordos. A democracia, queridos amigos, é o que ten. Estase a considerar excepcional unha medida que debería verse con total naturalidade e normalidade. No noso caso, non é preciso relatar a condición do galego como lingua discriminada, aldraxada e estigmatizada. Algunha xente, xa de anos, lembraba os contrastes que tivo que sufrir por querer expresarse na súa propia lingua no seu propio País. Por todo elo, orgullo e satisfacción de que por fin, aínda que sexa de maneira puntual ou anecdótica, o galego sexa falado, escoitado e traducido nas sesións plenarias do congreso dos deputados. Algúns non o ven, pero tampouco nos pode sorprender, xa que a súa idea que teñen da sociedade é moi reducida, e non estamos a falar única e exclusivamente do idioma.

## O RECUNCHO DE CANELINA

**1080€**

**SINPOLY** Agilable en colores actuales de 206 cm. Posibilidade de outras medidas, composicións e combinacións de cores, galego presupuesto.

**175€**

**VEN A VISITARNOS, TE ESPERAMOS!**

**Muebles SINDIN**

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297  
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676  
mueblesindin@gmail.com / www.mueblesindin.com

PORTOMARIN

SARRIA

PARADELA

www.galegasmobiliario.com

SALONES  
COMENTARIOS  
SOFAS  
JUVENILES  
DESCANSO  
Y MUCHO MÁS...



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Igrexa de San Vicente de Rubián de Cima

Esta parroquia, é unha das máis pequenas do municipio incio, conta con anacos de historia que compre visitar

A Igrexa de San Vicente de Rubián de Cima é unha das construcións patrimoniais máis importantes do Incio. Deseñada na época románica e que conserva varios elementos de posible influencia prerrománica, data do século XIII, segundo os estudosos.

Preto da estrada que vai do Oural á parroquia de Rubián de Cima, situada a 12 quilómetros de Sarria, esta construción do patrimonio cultural do Incio ten unha planta dunha única nave rectangular e unha cabeceira da mesma forma. Arredor, está acompañada por un atrio-cemiterio e unha sancristía no seu lado norte.

Do románico, consérvase a porta principal, que é abucinada e permite o acceso ao interior grazas ás tres arquivoltas superpostas e aos arcos, tanto exterior como interior, que se apoian no muro e nas columnas con bases dóricas, que se apoian, á súa vez, sobre capiteis decorados con motivos vexetais, moi sintetizados e con pouco detalle, o que dá a sensación de sinxeleza.

Pola súa parte, o tímpano desta construción é apuntado e ten un arco que segue as liñas das arquivoltas, como se ve noutros templos, como na Igrexa de San Xulián de Santalla de Bardaos, en San Cristovo de A Cervela e en San Mamede de Vilasouto, todas elas construídas tamén no Incio. Porén, é un dos poucos templos do municipio do

Incio que se atopa en bo estado de conservación.

A pesar de ser románica, pódese ver a utilización de materiais como o granito para a parte frontal occidental, as esquinas e as ventás; pero tamén hai presenza de lousa nos muros.

**MÁIS ELEMENTOS.** A Igrexa de San Vicente de Rubián de Cima está gardada por uns muros laterais no seu lado sur que conservan a base de apoio dun posible pórtico.

No seu interior, por outra banda, pódese atopar a cuberta construída a dúas augas soportada por tirantes que cobren a nave, mentres que a ábsida foi reconstruída e levantada en altura.

Aquí dentro conserva un retablo barroco, formado por un só corpo, con varias imaxes talladas a mediados do século XVIII, de aí que se pense que ese é a data de construción da propia igrexa. Ademais, contén no seu interior dúas ventás por cada lado dos muros laterais construídas con arcos de medio punto e derrame interior. Unha delas, situada na ábsida, que está tapiada, está construída cun arco monolítico que se apoia en columnas rematadas en capiteis con motivos ornamentais. Na da dereita hai caras humanas e na da esquerda represéntanse aves.

A parroquia de Rubián de Cima é unha das parroquias máis pequenas do municipio do Incio, pero nela hai diferentes construcións patrimoniais relacionadas coa tradi-

ción señorial, como o pazo de Albarado, e a relixiosa, como a igrexa románica de San Vicente. Ademais, en Rubián de Cima está o muíño da Muíña ou de

Arriba, no arroio da Muíña, o pazo de Rubián de Cima, tamén coñecido por Casa de Albarado, no lugar da Torre. Esta casa foi propiedade da familia dos So-

brado e Lope Ares de Rubián e Inés Ares foron os primeiros propietarios que se coñecen da casa, mentres que Teolindo Caldas Armesto foi o último dono.



*Pili Madeira*  
FLORISTERÍA

TU FLORISTERÍA  
DE CONFIANZA

*Encargos personalizados para el día de Todos los Santos*

Recogida en tienda. Servicio a domicilio. Llámenos sin compromiso.